

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO MUNICIPAL O DÍA DEZASEIS DE AGOSTO DO 2013**

SRES. ASISTENTES:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA

D^a.M^a Emma Álvarez Chao.

SRES. CONCELLEIROS.

D. Vidal Mtnez.-Sierra López.

D. Dino Vidal García.

D. Pablo Maseda Fernández.

D^a.M^a Guadalupe Flórez Seivane.

D. Antonio Reigosa Pedreira.

D^a. Rocío López García.

D^a. M^a.Mercedes Dengra Sixto.

D. Miguel Castrillón Fernández.

D. Carlos Rivas Rivas.

D.César Docampo Fernández.

Secretaria:

D^a.Begoña González Pedregal.

=====

No Salón de Actos da Casa Consistorial de Lourenzá, sendo as doce horas trinta minutos do día DEZASEIS de AGOSTO do 2013, reúnense os señores concelleiros electos numerados ó marxe, e actuando como Secretaria e dando fe do acto, D^a M^a. Begoña González Pedregal, ó obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia pasouse ao exame e deliberación do asunto comprendido na Orde do Día, adoptándose os acordos que seguidamente se relacionan:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 20/05/2013.

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, de data VINTE de MAIO do DOUS MIL TRECE (20/05/13) distribuída coa convocatoria, por parte do concelleiro do B.N.G. , Sr. Docampo Fernández fíxose a puntualización de que na páx. 5, onde figuraba: " e o Sr. Martínez-Sierra, para dicir que se miraban cal fora o programa do BNG. nas anteriores eleccións municipais verían que ía incluída unha piscina climatizada para a parroquia de San Adriano", se ben o que constaba no borrador era o que se dixerá na sesión e nese sentido estaba ben recollido, a realidade non fora así, porque a piscina en San Adriano ía no programa electoral do P.S.O.E. e non do BNG. Feita esta puntualización que foi recoñecida por todos, pero non tendo que modifica-lo borrador, éste foi aprobado por unanimidade dos presentes.

2º.- CORRESPONDENCIA OFICIAL.

Deuse conta do escrito remitido pola Exma. Deputación Provincial de data 27/06/2013, con núm. 6255 de rexistro de saída e que tivo entrada nas

oficinas municipais o día 03/07/13, sendo rexistrado co núm. 885 e polo que se comunica o Informe do enxeñeiro de camiños, responsable de obras novas no servizo de vías e obras, área de xestión territorial do organismo provincial, referente ao Convenio de transferencia de estradas entre ambos organismos, concretamente o tramo da estrada provincial LU-P-2801, comprendido dende o P.K. 0,00 ao 1,081 propiedade da Deputación Provincial e o denominado Camiño "A", da concentración parcelaria de Lourenzá - Sur, dende o P.K. 0,000 ao 2,824 propiedade do Concello de Lourenzá.

O Pleno quedou enterado do contido do mesmo.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DENDE O DÍA 21/05/2013 ATA O DÍA 08/08/2013.

A continuación deuse conta das Resolucións da Alcaldía dende o día 21/05/2013 ata o día 08/08/2013 quedando o Pleno ao tanto do contido de todas elas.

4º.- DACIÓN DE CONTA DA ACTA DO EVENTO CELEBRADO EL DÍA 02/07/2013 COA PRESENCIA DE Dº JULIA BAAMONDE LOMBARDEO, REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN BENEFICO-SOCIAL HIJOS DE LORENZANA EN LA HABANA (CUBA) E CON D.ANGEL HERMIDA SEIVANE, AMBOS FILLOS PREDILECTOS DO CONCELLO DE LOURENZÁ.

Neste punto da orde do día deuse conta da Acta arriba epigrafiada, sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:

"Siendo las doce horas y quince minutos del día dos de julio del dos mil trece, en el Salón de Actos de la Casa Consistorial, con la asistencia de la Sra. Alcaldesa, D^a. Emma Álvarez Chao y de los concejales, señores D. Vidal Martínez-Sierra López, D. Dino Vidal García, D. Pablo Maseda Fernández, D. Antonio Reigosa Pedreira, D^a. Guadalupe Flórez Seivane, D^a. Mercedes Dengra Sixto y D. Miguel Castrillón Fernández, del hijo Predilecto, D. Angel Hermida Seivane, de Doña Julia Baamonde Lombardero, vocal de la Asociación Benéfico Social, Hijos de Lourenzá en Cuba, en representación de la misma, de su hermana D^a. María del Carmen Baamonde Lombardero, así como del público en general, se celebra un acto para colgar en el Salón el cuadro con el texto del acta en el que se nombra a la Asociación, hijo predilecto del Ayuntamiento de Lourenzá para así dar cumplimiento a un acuerdo plenario de 16 de Noviembre del 1912, así como el de de D. Angel Hermida Seivane, también hijo predilecto del Ayuntamiento por acuerdo plenario de 22 de noviembre de 2008.

Abre el acto la Sra. Alcaldesa, D^a. Emma Álvarez Chao, con las palabras que se transcriben a continuación:

"Doña Julia Baamonde Lombardero, Fillo Predilecto do noso Concello Don Angel Hermida, autoridades locais aquí presentes, moi bo día a todas e a todos.

Van a permitirme que con carácter excepcional en el día de hoy me exprese en la lengua de Cervantes, algo inusual en mi persona pero que hoy es obligado por deferencia a las personas que nos acompañan.

Me acompañan en esta mesa a mi derecha Doña Julia Baamonde vocal de la Asociación Hijos de Lorenzana y a mi izquierda, su hermana Doña María del Carmen, asociada de la misma.

El motivo de esta recepción no va más allá de seguir manteniendo el puente que entre Lourenzá y Cuba tendieron en 1911 aquellos vecinos nuestros, que a finales del siglo XIX y principios del XX emigraron a Cuba, dejando atrás sus familiares con la esperanza de lograr mejores condiciones de vida y con la mirada puesta en el futuro.

Esta gente tenía por costumbre reunirse en una casa de la Habana situada en la calle Aguiar 229 a fin de compartir planes e ilusiones, y entre esos planes compartidos surgió la idea de fundar una sociedad para ayudar a la tierra y a las familias que dejaron atrás, así nace el 24 de abril de 1911 la sociedad benéfica social Hijos de Lorenzana.

Fueron dos sus principales objetivos:

- Por un lado fomentar la unión entre todos los hijos de nuestro ayuntamiento en Cuba*
- y por otro, algo, por lo que aún estamos en deuda con ellos, que fue mejorar y difundir la enseñanza entre las niñas y niños laurentinos por medio de la creación de escuelas de estudios elementales en las cuatro parroquias, Santa María de Valdeflores, San Xurxo, Santo Tomé y San Adriano y así contribuir a que todos, indistintamente de la clase social, logran aprender a leer y a escribir*

Desafortunadamente solo dos de estas escuelas se construyeron y, aún hoy se conservan, la Escuela de O Castro en San Adriano, restaurada hace poco más de una década y la Escuela de Alaxe en San Xurxo, en estos momentos bastante deteriorada y en la cual, sea dicho de paso, mi madre aprendió a leer y a escribir.

Además de esta importante labor social, la Sociedad donó un reloj para la torre de la Iglesia de San Salvador, reloj que actualmente funciona.

Y, desde su fundación hasta el día de hoy y ya van 102 años, mantuvo vivo el compromiso de continuar trabajando por la unión de los antepasados y descendientes de los mismos que residen en Cuba.

En este momento cuentan con 298 asociados y entre las actividades que realizan destacan por un lado:

- El mantenimiento del Panteón de los Hijos de Lorenzana en el cementerio de Colón en la Habana donde reciben sepultura los pertenecientes a la misma manteniéndose en un osario común todos los ancestros. Todos los años realizan sendas Ofrendas florales por el Día de la Madre, el Día del Padre y el Día de Difuntos.

- Por otro lado, mantener la memoria histórica que los une a sus orígenes, celebrando distintos actos en el Centro Gallego en los que destacan la Celebración del Día de las Letras Gallegas el 17 de mayo, el 18 de

diciembre el Día del Emigrante y la Celebración del Conde Santo el último domingo de agosto, esta última celebrada antaño en los jardines La Tropical, anexo a la antigua fábrica de cervezas La Tropical.

Desde este ayuntamiento, dentro de sus posibilidades se viene ayudando económicamente a la Sociedad con sus gastos de funcionamiento, mantenimiento del Panteón Social así como la memoria histórica que nos une, motivo por el cual, este año, aunque en menor cuantía, por motivo de la coyuntura económica que estamos viviendo, también aportaremos 200 € a la misma en gratitud por lo que antaño ellos hicieron por nuestro pueblo.

Gratitud que se suma al reconocimiento por el cual, en sesión plenaria del 16 de Noviembre del 1912, decidieron declarar como hijo predilecto de este ayuntamiento a los pertenecientes a la Asociación "Hijos de Lorenzana" y cuya acta paso a leer:

"En el Salón de sesiones del Ayuntamiento de Lorenzana siendo las 14 horas del día 16 de noviembre de 1912, se reunieron bajo la presidencia del Sr. Alcalde Don Valentín Solla de ron, los Concejales cuyos nombres y apellidos al margen se expresan, los cuales constituye mayoría absoluta para celebrar sesión ordinaria, cuyo acto se declaró abierto y:

Enterado el Sr. Presidente de la benemérita obra que están llevando a cabo en la Isla de Cuba los hijos de este pueblo que allí se hallan, y que cooperan con su talento, con sus entusiasmos y con su dinero a la realización de un pensamiento tan grande, tan altruista, tan loable y tan digno de gratitud, cual es la culta e ilustración de los niños de Lorenzana,

Hizo sucinta historia de la organización y desarrollo de la Sociedad "Hijos de Lorenzana" en la que, unidos con febril entusiasmo y cariño hacia la "terriña" que los vio nacer luchan sin descanso a fin de que la juventud de nuestro hermoso valle obtenga la instrucción necesaria para poder ir a la emigración, a la industria, al comercio, al taller o a donde su vocación lo lleve con ventaja y sin las dificultades y sin el rubor que siempre traen en pos de sí el analfabetismo y la ignorancia. (...)

El Ayuntamiento escuchó con la natural complacencia las anteriores manifestaciones y tomó por aclamación los siguientes acuerdos:

1.- Declarar Hijos predilectos del ayuntamiento de Lorenzana a todos los residentes en la Isla de Cuba que pertenecen a la colectividad titulada "Hijos de Lorenzana" fundada con el exclusivo objeto de allegar fondos para difundir y fomentar la enseñanza de sus hermanos de aquí y estrechar el cariño protección entre los de allá.

(...)

3.- Que figuren en el Salón de Sesiones, en un cuadro adecuado al local y al mérito que contraen los (...) indicados señores para que su amor y su celo por el pueblo sirva de ejemplo y estímulo y para perpetuar la gratitud a que son acreedores.

4.- (...)"

Por este motivo aprovechando la visita de Doña Julia Baamonde, vocal de la Sociedad Hijos de Lorenzana, en el día de hoy vamos dar cumplida cuenta de este acuerdo adoptado en el año 1912 y por ese motivo le pido a Doña Julia y a Doña _____ procedan a colocar en el sitio que se merece la copia del acta del acuerdo que acabo de leer junto con la fotografía del Panteón Social de los Hijos de Lorenzana situado en el cementerio de Colón en la Habana."

A continuación pasaron a colgar el cuadro D^a Julia y D^a. María del Carmen y posteriormente D^a. Julia tomó la palabra para agradecer la intervención de la Sra. Alcaldesa, el gesto del Ayuntamiento por organizar el presente acto así como la presencia de todos los asistentes al mismo, a la vez que explicaba que en la Asociación Hijos de Lourenzá en Cuba hay mucha gente joven y los de mayor edad tratan de que mantengan vivas sus raíces gallegas para que no se pierdan, son jóvenes con muchas inquietudes y expectativas con respecto a Galicia, y se les informa de cómo viven fuera los gallegos y cada día quieren conocer y saber más de cómo se desarrolla la vida fuera de la isla y en esa línea nos queremos mantener. Además, continuo diciendo, con la ayuda económica que, tan generosamente, nos brinda el Ayuntamiento de Lourenzá todos los años, desarrollamos actividades diversas, nos reunimos todos y ayudamos a las personas más ancianas de la Asociación, bien con medicinas o bien con otro tipo de atenciones como felicitaciones por su cumpleaños, por el día de la madre, etc., porque son personas que la mayoría de ellas están solas y agradecen cualquier muestra de afecto e interés hacia ellas. Intentamos que en la Habana exista una extensión de Lourenzá.

Seguidamente tomó la palabra la Sra. Alcaldesa, para desearles un feliz regreso a su hogar y esperar que la estancia en su tierra, en A Mariña, hubiera sido de su agrado y esperando que este pequeño homenaje fuera recordado en sus retinas para poder hacerlo extensivo al resto de Hijos de Lorenzana que viven en Cuba.

Al final, la Sra. Alcaldesa acabó su intervención con las siguientes palabras: *"Felicidades por el trabajo que realizan para fomentar el nombre del ayuntamiento que vio nacer a sus antepasados entre los más jóvenes y mis más sinceras gracias en nombre de nuestros ancestros por lo que hicieron por la gente de estas tierras cuando Cuba gozaba de mayor esplendor económico y sobre todo por mantener durante 102 años esta tierra viva más allá de ultramar. Gracias."*

A continuación la edil de cultura, Lupe Flórez, les entregará un presente como muestra de cariño por acompañarnos en este día.", pasando la edil de Cultura, Sra. Florez Seivane, a entregarles sendos ramos de flores y tras un aplauso de todos los presentes, la Alcaldesa, tomó de nuevo la palabra, siendo sus palabras:

"Lourenzá conta con tres fillos predilectos, como vimos de ver, dende novembro do 1912 Hijos de Lorenzana, posteriormente o 2 de novembro do 2001 nomease ao falecido Don Francisco Fdez Del Riego e, por último no ano 2008, tamén en Novembro, o día 22 nomease fillo predilecto a Don Angel Hermida, presente neste acto."

Ata o de agora penduraba nas paredes do Salón de Plenos a acta de proclamación de Don Paco dende outubro do 2011, data na que este concello lle rendeu unha homenaxe póstuma."

Agora son dúas as Actas que presiden este salón de plenos, e é polo que lle pido a Don Ángel Hermida que proceda tamén á colocación do cadro que recolle a súa proclamación como Fillo Predilecto do noso concello para

que os tres fillos ilustres do noso concello presidan os actos que neste salón se celebren.

Con isto, damos por concluído o acto."

A continuación el Sr. Angel Hermida Seivane procedió a colgar el cuadro en el que se recogía su nombramiento como Hijo Predilecto y con esto y después de recibir los aplausos de todos los presentes, se dio por concluído el acto, siendo las doce horas cuarenta minutos del día dos de julio del dos mil trece y del que, como Secretaria del Ayuntamiento de Lourenzá, doy fe.

5º.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DAS FACTURAS DO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO DO 2013 ACERCA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS PARA O PAGO DAS OBRIGAS DA ENTIDADE DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta dos informes trimestrais do SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2013 relativos ao cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas da entidade así como da relación de facturas ou documentos xustificativos os cales foron coñecidos polo Pleno do Concello.

Por Secretaría informouse dos prazos do período de pago indicando que comparativamente tanto co mesmo trimestre do ano anterior como co primeiro trimestre do exercicio actual, se mellorara no período de pago.

Igualmente infórmase que ditos informes foron remitidos ao Ministerio de Economía e Facenda o día 08/07/2013 tal e como queda constancia no expediente.

6º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO SEGUNDO TRIMESTRE DO 2013 DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE SEGUIMIENTO DO PLAN DE AXUSTE.

Seguidamente deuse conta do informe do segundo trimestre do 2013 elaborado por Secretaría - Intervención e referente ao seguimento do Plan de Axuste que fora aprobado na sesión plenaria de 30/03/2012 e dando cumprimento ao disposto no artigo 10 do Real Decreto Lei 4/2012 de 24 de Febreiro.

7º.- DACIÓN DE CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE OS CONCELLOS LOURENZA , TRABADA E A PONTENOVA PARA A ACTUACIÓN "PROXECTO DE AFORRO ENERXÉTICO NO ALUMEADO PÚBLICO NOS CONCELLOS DE LOURENZÁ, TRABADA E A PONTENOVA.

Neste punto, o Pleno, a instancia da Sra. Alcaldesa, quedou enterado do Convenio de colaboración asinado cos concellos de Trabada e A Pontenova, posto que ao estar agrupados sumábanse puntos e

incrementábase a porcentaxe da subvención, para a execución da obra **"PROXECTO DE AFORRO ENERXÉTICO NO ALUMEADO PÚBLICO NOS CONCELLOS DE LOURENZÁ, TRABADA E A PONTENOVA"**, para a que se concedeu unha subvención por parte do INEGA, por importe de 68.528,22 Euros, e que fora solicitada ao abeiro da Resolución do 7 de Marzo de 2013 pola que se establecían as bases reguladoras e se anunciaba a convocatoria de subvencións para o ano 2013 de aforro e eficiencia enerxética a proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (ILE) nos concellos de Galicia, no marco do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega o día 3 de xullo de 2008 e con financiamento en parte procedente de fondos comunitarios derivados do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013, e co seguinte desglose por concellos:

MEMBROS AGRUPACION	INVERSION EUROS (con IVA)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (85%)	APORTACIÓN MUNICIPAL (15%)
LOURENZA	26.250,82	22.313,20	3.937,62
A PONTENOVA	36.187,57	30.759,43	5.428,14
TRABADA	18.183,05	15.455,59	2.727,46
TOTAL	80.621,44	68.528,22	12.093,22

8º.-EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2012.

A continuación deuse conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, da Conta Xeral do Presuposto correspondente ó exercicio do 2012 cos seus correspondentes xustificantes. Visto-los informes favorables de Secretaría - Intervención así como o dictame da Comisión Especial de Contas que foi favorable con tres votos a favor e unha abstención e o resultado da súa exposición ó publico mediante anuncio no Taboleiro de Anuncios e no BOP. núm.116 de data 22/05/2013, durante quince días e oito máis, sen que durante dito período se presentasen reclamacións á mesma, previa deliberación ó efecto, o Pleno, en votación ordinaria e con seis votos a favor, os do grupo municipal do Partido Popular ,catro abstencións, do P.S.O.E.-P.S.G. e un voto en contra, do B.N.G., ACORDOU APROBA-LA mencionada Conta Xeral do exercicio do 2012 nos termos e cifras nos que está redactada e que arroxa o seguinte resume:

Existencias Iniciais	165.265,31
Total Cobros	2.434.053,07
Total Pagos	2.242.763,30
Existencias Finais	146.555,08
Total Activo	9.584.140,98
Total Pasivo	9.584.140,98
Debedores pendentes. cobro ó final exercicio	632.640,85
Créditos pendentes pago ó final exercicio	222.884,65
Fondos Líquidos Tesourería final exercicio	146.555,08

Remanente de Tesourería Total	556.311,28
Saldos de dubidoso cobro	107.174,89
Remanente de Tesourería Gastos Financ.Afectada	22.630,25
Remanente Tesourería para Gastos Xerais	426.506,14

9º.- EXAME E APROBACIÓN , SE PROCEDE DO REGULAMENTO DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR ASÍ COMO DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE DITO SERVICIO.

Chegado este punto, pola Alcaldía indicouse que as modificacións propostas tanto do Regulamento do Servicio como da Ordenanza Fiscal reguladora do mesmo viñan dadas pola aprobación por parte da Comunidade Autónoma do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e a necesidade de adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto, que o concello esgotara os prazos para a aprobación destas modificacións e que agardábase que entrarán en vigor no próximo exercicio, tamén informou que os baremos escollidos eran dos máis baixos dentro do abanico ofertado pola Xunta e tentando sempre de modificar o menos posible os prezos existentes ata agora.

Seguidamente pasouse á votación e o Pleno, con seis votos a favor, do Partido Popular e cinco votos en contra, do P.S.de G.-P.S.O.E. e B.N.G., adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobalo novo Regulamento do Servicio de Axuda no Fogar tal e como consta no expediente así como a Ordenanza Fiscal Reguladora do mesmo, sendo o contido literal de ambosdous textos, o que segue:

A) ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LOURENZÁ

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2.k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e

permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Lourenzá, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente Ordenanza.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1º.- OBXECTO

Esta Ordenanza ten por obxecto o desenvolvemento do servizo de axuda no fogar no Concello de Lourenzá. Este servizo poderá prestarse ben directamente ou ben a través das diferentes modalidades de contratación da xestión de servizos públicos previstas na normativa vixente de contratos do sector público e de conformidade coas especificidades estipuladas na Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e no Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, para os diferentes servizos e programas que nel se regulan.

ARTIGO 2º.- AMBITO DE APLICACIÓN

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Lourenzá, sendo o ámbito de aplicación o territorio municipal de Lourenzá.

ARTIGO 3º.- NATUREZA, DEFINIÇÃO E OBXECTIVOS DO SERVIZO.

1.- O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de

2.- convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

3.- Poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

4.- Este servizo ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

ARTIGO 4º.- CONTIDO DO SERVIZO

De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais comunitarios do Concello de Lourenzá, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

4.1 Servizos de carácter básico:

a .- Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b .- Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias e/ou urxentes.

c .- Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d.- Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

4.2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención, unha vez garantido o nivel básico de atención:

- a.- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b.- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c.- Adaptacións funcionais do fogar.
- d.- Servizo de podoloxía.
- e.- Servizo de fisioterapia.

4.3. Outros servizos.

Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

En todo caso e sen prexuízo da execución de todas as tarefas que se recollan no correspondente acordo de servizo, o conxunto de atencións do programa de axuda no fogar terá un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

4.4. Atencións excluídas do servizo.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- a) A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- b) Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo, tales como poñer inxeccións (exceptuando as de insulina ou heparina) e/ou subministrar unha medicación que implique certo grao de especialización por parte de quen a administre.

ARTIGO 5º.- PERSOAS DESTINATARIAS.

O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas

maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia, segundo a Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Con carácter xeral, os posibles usuarios/as serán:

- Solicitantes que se atopen en situación de dependencia para a realización das actividades básicas da vida diaria, que vivan sós e/ou que carezan de familia no termo municipal. A dependencia ou incapacidade para a realización de tarefas e actividades básicas da vida diaria virá determinada mediante informe médico.

- Solicitantes que se atopen en situación de dependencia para a realización das actividades básicas da vida diaria que, aínda convivindo con familiares en primeiro grao por afinidade e/ou consaguinidade, ou tendo estes familiares no termino municipal, non podan ser atendidos por estes debido a causas xustificadas (ter outras cargas familiares, ter máis de 65 anos, padecer algún tipo de minusvalía que menoscabe a súa autonomía para o o coidado do solicitante, precaria situación económica, traballo fóra do domicilio, non ter capacidade suficiente para a a prestación de coidados...) Estas causas deberán ser xustificadas mediante a documentación que lle será solicitada polos servizos sociais comunitarios.

- Familias en risco de exclusión social, principalmente cando haxa menores que precisen atención.

- Suxeitos ou familias que temporalmente se atopen nunha situación de incapacidade para a realización de actividades da vida diaria por enfermidade, accidente...

Non poderán ser usuarios deste servizo aquelas persoas que poidan beneficiarse dun servizo similar por parte doutras entidades (MUFACE, ISFAS...)

ARTIGO 6º.- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS.

As persoas usuarias do servizo, no marco do establecido no artigo 6 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.

5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención. Así mesmo, a recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación do servizo.

6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.

7. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

8. A coñeceren a situación do seu expediente

9. A seren informadas, de maneira clara e precisa, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.

10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.

11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

ARTIGO 7º.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1.- Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.

2.- Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideren resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.

3.- Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.

4.- Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

5.- Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.

6.-Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.

7.-Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

8.- A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que púidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

ARTIGO 8º.- CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO.

Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- a) A renuncia da persoa usuaria.
- b) O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- d) Falecemento da persoa usuaria.
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f) A falta reiterada de pagamento do servizo.
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

Con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para dictar resolución de Programa Individual de Atención.

ARTIGO 9º.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO OU REDUCIÓN HORARIA.

Son causas de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de dous (axustase a orde do 19 de abril , art. 27 .Suspensión temporal) meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia. Os de libre concorrencia son tres meses.

2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Con respecto aos casos de libre concorrencia, cando por necesidades do servizo sexa necesario ampliar o número de usuarios e se consideren prioritarios outros casos en consideración das súas circunstancias persoais, sociais, sanitarias, económicas... ou en función das dispoñibilidades económicas do exercicio poderase reducir a intensidade da prestación do servizo. Acordarase por Resolución de Alcaldía, previo informe da traballadora social do concello.

Procederase á revisión do número de horas prestadas a usuarios de libre concorrencia cando se detecte por parte da traballadora social do concello que o número de horas de servizo que se presta xa non proceden debido á modificación das circunstancias que motivaron a alta do servizo. O número de horas de prestación poderá incrementarse ou diminuír e será xustificado cun informe-proposta da traballadora social municipal que precederá a Resolución de Alcaldía que dictará a resolución da nova proposta de servizo.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 10º.- FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo Concello de Lourenzá ben directamente ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

ARTIGO 11º.- REQUISITOS ESPECÍFICOS.

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria / grado universitario na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O departamento de servizos sociais do Concello, e de ser o caso a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará cando menos:

- Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico responsable, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.
- Un proxecto de intervención, asinado polo traballador/a social competente, segundo o anexo XII desta Ordenanza.
- Un acordo de servizo asinado entre o concello de Lourenzá e a persoa usuaria, segundo o anexo XIV desta ordenanza.
- Informes de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimensual ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes realizarase dacordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

ARTIGO 12º.- MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO, ORGANIZACIÓN E PROCEDIMENTO.

O acceso ao servizo de axuda no fogar producirase a través dos servizos sociais comunitarios, de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas as cales, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. Para estes efectos, o Concello de Lourenzá, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de

referencia e de aplicación no baremo tal e como recolle o anexo, resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:

a. Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.

II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante

III. Certificado de convivencia

IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde

V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.

VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia: declaración da renda, certificados de pensións, nóminas, certificados de outros bens que posúan, xustificante de percepción de alugueiros...

VII. Calquera outra documentación que se valore oportuna

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

b. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto todo o ano.

c. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo XIII.

d. O departamento de Servizos Sociais elaborará un informe - proposta que será elevado ó órgano competente para dictar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses. No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate de puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

e. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, o procedemento poderase acurtar. A Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe - proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta levará consigo a extinción do servizo e tramitación pola vía ordinaria.

f. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo da prestación do servizo, a modo de compromiso de respecto ás normas do servizo,

ás tarefas a realizar, horarios, días e contribución económica correspondente ou gratuidade se procede, segundo o modelo establecido no anexo XIV desta ordenanza.

g. Denegación do servizo: as solicitudes de prestación do servizo de axuda no fogar poderán ser denegadas polo seguinte:

- Non reunir os requisitos de acceso establecidas na presente ordenanza.

- Non acadar 50 puntos da puntuación total establecida na presente ordenanza (nas solicitudes de libre concorrência).

h. Revisión do servizo: nos prazos ou datas que se especifiquen no correspondente proxecto de intervención, ou sempre que se produzan circunstancias que varíen as que deron motivo a dita concesión, o/a traballador/a social procederá a revisar os casos nos que se estea prestando o servizo, e se o considerase oportuno, poderán propoñer modificacións na prestación do servizo mediante informe debidamente motivado. A variación do servizo realizarase mediante resolución ou acordo do órgano competente, debidamente motivado, previa audiencia nos casos en que as modificacións coincidisen coas solicitadas polos propios interesados ou nos casos en que sexan necesarias modificacións do servizo por razón de urxencia, debidamente motivadas, sen prexuízo da notificación das resolucións ou acordos mediante as que se adopten as mencionadas modificacións ós usuarios do servizo afectados. Así mesmo, será revisable polo Concello a condición de beneficiario cando:

- O interesado comunique que as circunstancias de feito e/ou de dereito que motivaron a concesión se modificaron.

- Existen dúbidas razoables de que puido haber modificacións das circunstancias persoais, familiares, económicas ou doutra índole, non comunicadas polo interesado. Neste caso, será preceptiva a audiencia ó interesado.

- Se deriven límites que necesariamente se desprendan de criterios de dispoñibilidade orzamentaria.

Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Todos os solicitantes que accedan ó servizo por libre concorrência deberán estar empadroados no termo municipal de Lourenzá.

Será requisito imprescindible para a prestación do servizo ter residencia efectiva nunha vivenda, en calquera réxime de tenenza que cumpra cos requisitos mínimos de habitabilidade que posibiliten a prestación efectiva e en condicións dignas do servizo.

ARTIGO 13º.- DESENVOLVEMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

1.- O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se aproba a súa solicitude pola Xunta de Goberno Local, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrência. Para as persoas usuarias ás

que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2.- Consideraranse casos de extrema e urxente necesidade aqueles nos que o solicitante non teña familiares ou viva só, e se dean as seguintes circunstancias:

- Se presente a necesidade de forma imperativa.
- Sexan situacións de alto risco.
- Falecera o cónxuxe ou outra persoa que estivera facéndose cargo do beneficiario.
- Outras causas semellantes.

3.- O inicio da prestación por vía de urxencia non eximirá, en todo caso da tramitación do expediente de solicitude do servizo, de acordo co procedemento establecido anteriormente, aínda que xa estea iniciada a presentación do servizo. O órgano municipal competente, unha vez tramitado o expediente, poderá modificar o servizo, como consecuencia do que resulte do citado expediente.

4.- Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Procederá a designar a persoa profesional de referencia.

5.- A asignación do persoal de atención directa farase en base ó perfil requirido para cada caso concreto. Realizarase unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de espera ata que se lleasigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse e consensuranse coa persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado (os cambios se anexarán ao acordo).

6.- Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o documento de inicio da prestación do servizo, segundo o modelo establecido no anexo XIV desta ordenanza.

7.- O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo XII desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.

8.- Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo organo competente.

9.- Farase entrega á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, do documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

10.- Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e

remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso.

ARTIGO 14º.- INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria (relacionadas no artigo 4.1º, da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar) todos os días da semana.

Cando a persoa usuaria manifeste o desexo de dispoñer de menos horas do mínimo do intervalo que marca a lei para o seu grao e nivel, ou así se acorde entre a persoa usuaria e o/a Traballador/a Social, debera facerse constar por escrito e será engadido ó seu expediente.

Nos restantes casos (libre concurrencia), a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais comunitarios e terá unha intensidade de atención non superior a 40 h/mes. Establécese como período semanal para a prestación destas horas de luns a venres, quedando excluídas as fins de semana, festivos e horario nocturno. Para casos debidamente xustificados e de extrema necesidade, este horario poderá variar, sempre que así sexa valorado pola traballadora social do concello.

ARTIGO 15º.- PROTOCOLO PARA O INICIO DA PRESTACIÓN EFECTIVA E ESTABLECIMENTO DO VÍNCULO ENTRE A/O AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR E A PERSOA USUARIA DO SERVIZO.

- En el caso de los servicios de libre concurrencia, una vez recabada a documentación necesaria para unha nova alta no servizo de axuda no fogar, efectuado visita domiciliaria para cumprimentación do baremo e elaboración do proxecto individualizado de atención, emitido informe-proposta para a Xunta de Goberno Local e resolto favorablemente por esta, poñémonos en contacto co usuario/a para comunicar por escrito o inicio da prestación do servizo e concretar o comenzo.
- O contacto inicial tras a aprobación facemolo mediante visita domiciliaria (previamente concertada telefonicamente) para concretar por escrito o acordo de servizo, o proxecto individualizado de atención e a relación detallada de actividades a desenvolver (deixamos copia ó usuario dos tres documentos).
- Así mesmo, concertamos entrevista no departamento ca/co auxiliar de axuda no fogar para entregar o proxecto individualizado de atención e explicar as actividades a desenvolver no domicilio da/o usuario e efectuamos a visita domiciliaria ca/co mesmo para presentarlle/o e establecer o vínculo ca/co mesmo.
- Posteriormente comeza o servizo o día e no horario pactado.

ARTIGO 16º.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE URXENCIAS.

- O usuario/a ou persoa do entorno demanda a urxencia en entrevista no departamento de servizos sociais. Estas actuacións tamén poderán iniciarse de oficio polo técnico responsable.
- No mesmo día (de ser posible) realízase visita domiciliaria ó usuario que solicita a urxencia para elaborar o correspondente baremo e proposta técnica. De ser favorable emíttese informe - técnico de urxencia e resólvese mediante resolución de alcaldía.
- No menor tempo posible efectúase visita domiciliaria ca/co auxiliar de axuda no fogar correspondente , concertando o proxecto individualizado de atención con usuario e auxiliar e asinarase o acordo de servizo.
- Posteriormente dará comezo o servizo no horario e día pactado, sendo o prazo de alta como máximo de dous días dende que se demanda a urxencia.
- Cando sexa posible, recebarase a documentación necesaria para ratificar o expediente de alta na Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 17º.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE INCIDENCIAS.

- Unha vez se comunican as incidencias á correspondente coordinadora, a parte ou partes implicadas na mesma cubren o parte correspondente e entréganllo á coordinadora do servizo.
- Esta revisa o parte/s, facendo un estudo e valoración do caso con visita da Traballadora Social ó domicilio do usuario (de ser necesaria) e elabora o correspondente informe que presenta a Xunta de Goberno Local ou o responsable superior da entidade.
- De considerarse procedente, o informe conterá as medidas adoptadas para a solución da incidencia.
- O órgano competente dará traslado da resolución que estime oportuna. E, si é o caso, farase efectiva no prazo que se dicte na mesma.

ARTIGO 18º.- PROTOCOLO DE SUSTITUCIÓN DA PERSOA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR E DE CESACIÓN DO SERVIZO.

Respetaránse as auxiliares que prestan o servizo na medida do posible e no caso de substitución farase tendo en conta a vontade do usuario e o perfil máis axeitado para a substitución.

SUSTITUCIÓN TEMPORAL PREVIAMENTE PROGRAMADA : Cando sexan programadas avisarase con antelación ao usuario e consensuarase con el o cambio(No caso de vacacións, de disfrute de días de asuntos propios, de baixas médicas previstas, ou similar).

- Efectúamos visita domiciliaria de ser necesario ou, no seu defecto, comunicámolo mediante chamada telefónica para explicar o motivo polo cal se vai proceder a efectuar un cambio de auxiliar de axuda no fogar. Comunicarase e consensuarase coa persoa usuaria e anexarase ao acordo do servizo.
- No caso de que a auxiliar de axuda no fogar non coñeza ó usuario efectúase visita domiciliaria para presentar á mesma e de ser posible e sempre que o servizo o permita prestará o servizo un día coa auxiliar que xa o viña a prestar para unha boa adaptación no domicilio.
- Entrégase relación de actividades á auxiliar substituta (no caso de vacacións e baixas médicas) e novo proxecto individualizado de atención á auxiliar e usuario no caso de reorganizacións internas do servizo.

SUSTITUCIÓN TEMPORAL NO CASO DE URXENCIAS/INCIDENCIAS DIARIAS (No caso de consultas médicas de auxiliares, de enfermidades, de incidencias familiares de auxiliares, etc.).

- Primeiro comunícalle o usuario a substitución da auxiliar explicando o motivo.
- Comunícase á auxiliar encargada de cubrir a incidencia o domicilio do usuario e as actividades a desenvolver no mesmo entregando copia e ficha para a correspondente cumplimentación da mesma.
- Se non coñece ó usuario acompañase ó domicilio do mesmo e explícase as actividades a desenvolver. De coñecer ó usuario non é necesaria a visita domiciliaria por parte da coordinadora.

SUSTITUCIÓN PERMANENTE PREVIAMENTE PROGRAMADA (No caso de reorganizacións internas do servizo, ben sexa a petición do usuario por modificacións de horario ou por necesidades internas do servizo).

- Efectúamos visita domiciliaria de ser necesario ou, no seu defecto, comunicámolo mediante chamada telefónica para explicar o motivo polo cal se vai proceder a efectuar un cambio de auxiliar de axuda no fogar.
- No caso de que a auxiliar de axuda no fogar non coñeza ó usuario efectúase visita domiciliaria para presentar á mesma e de ser posible e sempre que o servizo o permita prestará o servizo un día coa auxiliar que xa o viña a prestar para unha boa adaptación no domicilio.
- Entrégase relación de actividades á auxiliar substituta e novo asíñase novo proxecto de intervención coa auxiliar e co usuario.

CESACIÓN DO SERVIZO: comunícaselle o usuario e tamén a auxiliar para que deixe de acudir.

O servizo de axuda no fogar para os usuarios de libre concorrència poderá cesar por reorganización do servizo en función da das dispoñibilidades económicas do exercicio.

ARTIGO 19º.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE QUEIXA NO LIBRO DE RECLAMACIÓN.

I.- A entidade ten a disposición dos usuarios do Servizo de Axuda no Fogar un libro de reclamacións, informando as persoas usuarias da existencia do mesmo.

II.- No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto con un informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia.

CAPÍTULO III. RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIERO

ARTIGO 20º.- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DO SISTEMA DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS DA DEPENDENCIA.

A determinación da capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido usuarias do servizo de axuda no fogar, realizarase segundo o disposto no artigo 59 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que establece:

"1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica,

observaranse as normas de aplicación á materia, vixentes no momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia..

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes”.

ARTIGO 21º.- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCURRENCIA E DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO.

A determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos en que se aplique o copagamento, efectuarase segundo o establecido no artigo 60.1 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que establece:

“1. No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

a) Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar”.

ARTIGO 22º.- PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO COMO USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ó IPREM)	20 h.	30 h.	40 h.	55 h.	70 h.	90 h.
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Maior do 200% e menor ou igual ao 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Maior do 215% e menor ou igual ao 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Maior do 250% e menor ou igual ao 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Maior do 300% e menor ou igual ao 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Maior do 350% e menor ou igual ao 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Maior do 400% e menor ou igual ao 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Maior do 450% e menor ou igual do 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ao 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel

correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora”.

ARTIGO 23º.- PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DAS PERSOAS USUARIAS QUE ACCEDAN POR LIBRE CONCORRENCIA.

1.- Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrancia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 20 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor do 0,80 IPREM	0%
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1 do IPREM	10 %
Maior do 1 do IPREM e menor ou igual a 1,25 do IPREM	15%
Maior do 1,25 do IPREM e menor ou igual a 1,50 do IPREM	20%
Maior do 1,50 do IPREM e menor ou igual a 1,75 do IPREM	30%
Maior do 1,75 do IPREM e menor ou igual a 2 do IPREM	40%
Maior do 2 do IPREM e menor ou igual a 2,25 do IPREM	50 %
Maior de 2,25 e menor ou igual a 2,50 do IPREM	60 %
Maior de 2,5 do IPREM	70 %

2.- Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido cogagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3.- En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40 % da súa capacidade económica.

ARTIGO 24º.- AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DOS SERVIZOS.

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Lourenzá, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

ARTIGO 25º.- DA COORDINACIÓN COAS ENTIDADES PRIVADAS QUE ATENDAN A PERSOAS USUARIAS FINANCIADOS TOTAL OU PARCIALMENTE CON FONDOS PUBLICOS.

No caso das entidades privadas que presten o SAF mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia actualizada do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do concello ou entidade local.

ARTIGO 26º.- OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este concello ás que se refire o artigo 5 da presente ordenanza.

ARTIGO 27º. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGO.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste acordo regulador, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo o acordo coas seguintes normas de xestión:

- Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.

- Por parte do Concello e sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual co importe correspondente ó servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento .

ARTIGO 28º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo ao pagamento, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

PRIMEIRA.- NORMATIVA SUBSIDIARIA.

No non previsto expresamente na presente Ordenanza, estarase ao disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, Decreto 99/2012,

do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

SEGUNDA.- REVISIÓN DE OFICIO.

Queda facultada a Alcaldía ou concellaría delegada do Concello de Lourenzá para dictar cantas instrucións resulten precisas para a adecuada interpretación e aplicación desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Lourenzá aprobada polo Pleno da Corporación en data 11 de maio de 2009 e publicada no BOP nº 164 de Lugo de data 18 de xullo de 2009, así como as modificacións puntuais posteriores, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorrido o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación.

(Non se transcriben os Anexos que figuran incluídos no expediente).

B) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LOURENZÁ

Artigo 1º.- OBXECTO

É obxecto da presente ordenanza fiscal, de conformidade co establecido no art. 106.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e os art. 2.1.b e 20.1.b do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a ordenación do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Lourenzá.

A prestación do servizo de axuda no fogar realizarase nos termos establecidos no regulamento aprobado.

Artigo 2º.- FINANCIAMENTO DO SERVIZO

O financiamento do servizo de axuda no fogar realizarase con cargo ás achegas do Concello, subvencións doutras administracións públicas e o prezo público que corresponde satisfacer polas persoas usuarias.

Artigo 3º.- CÁLCULO DA CAPACIDADE ECONÓMICA

- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademáis, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia sobre

determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

- Determinación da capacidade das persoas usuarias de libre concorrencia que impliquen copagamento

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

a) Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.”

Artigo 4º.- PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO.

- Das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ó IPREM)	20 h.	30 h.	40 h.	55 h.	70 h.	90 h.
≤ ó 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
>do 100% e ≤ do 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
>do 115% e ≤ do 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
>do 125% e ≤ do 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>do 150% e ≤ do 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>do 175% e ≤ do 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
>do 200% e ≤ do 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>do 215% e ≤ do 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
>do 250% e ≤ do 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>do 300% e ≤ do 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>do 350% e ≤ do 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>do 400% e ≤ do 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
>do 450% e ≤ do 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ó 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel

correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

- Das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar que accedan por libre concurrencia.

1. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concurrencia para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita de acordo co establecido no artigo 22 da ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor do 0,80 IPREM	0%
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1 do IPREM	10 %
Maior do 1 do IPREM e menor ou igual a 1,25 do IPREM	15%
Maior do 1,25 do IPREM e menor ou igual a 1,50 do IPREM	20%
Maior do 1,50 do IPREM e menor ou igual a 1,75 do IPREM	30%
Maior do 1,75 do IPREM e menor ou igual a 2 do IPREM	40%
Maior do 2 do IPREM e menor ou igual a 2,25 do IPREM	50 %
Maior de 2,25 e menor ou igual a 2,50 do IPREM	60 %
Maior de 2,5 do IPREM	70 %

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
3. En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 5º.- CUSTO DO SERVIZO

O prezo/hora do servizo de axuda no fogar establécese en **12,32€/hora** .

Este prezo será revisable anualmente segundo o IPC.

Artigo 6º.- OBRIGA DE PAGAMENTO DO PREZO PÚBLICO.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este concello.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste acordo regulador, nace en xeral dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.
2. Por parte do Concello e sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaboraráse un recibo individual co importe correspondente ó servizo prestado no mes anterior que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento.
3. Liquidaranse as horas efectivamente prestadas.
4. As débedas derivadas da falta de pagamento do prezo público serán esixidos de conformidade co disposto na lexislación tributaria, polo procedemento administrativo de constrinximento .

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza fiscal aprobada no pleno do 11 de maio de 2009 e publicada no BOP nº 161 de Lugo de data 15 de xullo de 2009, así como as modificacións puntuais posteriores.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da provincia de Lugo e transcorrido o prazo previsto no art. 70.2 e concordantes da Lei 7/85 que regula as Bases de Réxime Local e en todo caso o 01/01/2014."

Segundo.- Expoñer dita aprobación ó público durante un prazo de trinta días hábiles de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local , 55 e 56. do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, para que poidan presentarse as alegacións e suxestións que se consideren oportunas.

Terceiro.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra ambos textos, consideraranse definitivamente aprobados, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora do Réxime Local, no artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Carto.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

10º.- DACIÓN DE CONTA DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE LOURENZÁ E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.

Seguidamente e chegado este punto da Orde do día, pola Alcaldía informouse de que presentárase unha alegación pola "Confederación Gallega de Empresarios de la Madera" á Ordenanza que fora aprobada na sesión plenaria anterior celebrada o día vinte de maio, e que dado que dita alegación, con pequenas variacións, se presentara en tódolos concellos da Mancomunidade Mariñá, na última reunión desta acordárase que o Secretario da mesma emitira un informe común para tódolos concellos que era o que constaba no expediente de documentación do Pleno e do que dispoñían tamén os grupos da oposición. Pola Alcaldía explicouse sucintamente o contido tanto das alegacións como do informe xurídico concluíndo que segundo este último procedía a desestimación das alegacións presentadas por Confemadera e que o seu grupo ía a votar nese sentido.

A continuación abriuse un pequeno debate no que por parte do concelleiro do BNG., Sr. Docampo Fernández indicouse que estaba de acordo coa desestimación das alegacións.

Pola súa parte, a voceira do Grupo Municipal Socialista, Sra. López García, indicou que, sen entrar en cuestións legais, o que ela cuestionábase era de se esta ordenanza ía ter aplicación práctica, que o vía moi dubidoso e que habería que agardar e ver.

Por parte da Alcaldía indicouse que de momento ían a votar, que como xa adiantara o seu grupo ía a votar a desestimar as alegacións e votar a favor da Ordenanza e mentres dito acordo non fora definitivo non podían aplicala e que era o que viña pasando ata agora.

Tomou a palabra o Sr. Docampo Fernández para dicir que as pistas non eran dos maderistas e ademais os estrados dun ían afectar ao resto que tamén tiñan que utilizar estas vías e estaba claro que o concello tiña que ter un arma legal para protexer estes bens, que efectivamente era un tema complicado pero que o depósito dunha fianza era algo bastante lóxico, como se facía, por exemplo, cos alugueres de vivendas.

A Sra. López García replicou que estaba de acordo co principio de que quen estraga os camiños ten que amañalos, pero temíase que todas estas medidas repercutiran no usuario, que o mercado resentirase moito co conseguinte prexuízo para os veciños de Lourenzá, e que o importe das fianzas eran esaxeradas.

A Sra. Alcaldesa interveu para dicir que era un sector que traballaba cunha marxe bastante ampla e que cría que podían asumilo sen necesidade de ter que repercutilo no propietario.

Tamén o Sr. Martínez - Sierra apuntou que o feito de que todos os concellos integrantes da Mancomunidade da Mariña, gobernados por distinto

partidos políticos, estiveran a favor da aprobación da ordenanza era un claro exemplo de que era unha necesidade importante.

A Sra. López García seguiu insistindo en que no vía a aplicación práctica, que o concello non tiña medios para facer todo o seguimento que contemplaba a ordenanza e que ía ser máis complicado do que parecía.

Á pregunta do Sr. Docampo Fernández á Alcaldía sobre se chegaran a algún acordo sobre os medios a empregar, tema de que falárase na anterior sesión plenaria, a Sra. Alcaldesa respondeulle que tiveran unha reunión cos madeiristas pero que non chegaran a ningún acordo, que a Xunta non podía facilitar o listaxe dos permisos pola protección de datos pero que o Concello podía chamar ao Seprona para que informara nun momento determinado.

Finalizouse o debate coa proposta da Sra. López García de que o Concello, independentemente do que se vaía a facer dende a Mancomunidade, programara unha reunión cos maderistas cando fora a entrar en vigor a ordenanza.

Así pois, dado por finalizado o debate e considerando suficientemente debatido o asunto, e visto que o anuncio de aprobación inicial da Ordenanza REGULADORA DE USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, aprobada inicialmente polo Pleno na sesión celebrada o pasado vinte de maio do ano en curso, estivo exposto ao público mediante anuncio en el BOP da Provincia núm.126 de 03/06/2013 e que durante dito prazo presentouse unha alegación, en tempo e forma, por D^a. Ana Orons Mata, Secretaría Xeral, en representación Confederación Gallega de Empresarios de la Madera, con domicilio social en Vía Pasteur 43-2^o, oficina núm.19 del Polígono del Tambre (Santiago de Compostela) o día 05/07/2013, sendo rexistrado de entrada co núm. 106060 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia e no rexistro do Concello o día 10/07/13, co núm.970.

Visto que en dita alegación á Ordenanza Reguladora do uso e aproveitamento especial das vías públicas e espazos de titularidade municipal, despois de expoñer as observacións que se transcriben a continuación, solicita a suspensión inmediata de dita ordenanza, a saber:

a) Incompetencia do Concello para dictar a Ordenanza: O Concello de Lourenzá pretende regular actividades e usos forestais e establece no seu artigo 17, a obrigatoriedade da comunicación previa de traballos vinculados ao aproveitamento da madeira requirindo, ademais, aportar copia do permiso, autorización, comunicación ou notificación da administración forestal que é a que ostenta as competencias nesta materia.

Deste modo contravén a Lei 7/2012 de 28 de xuño, de Montes de Galicia, que establece que as plantacións forestais e as accións de tipo silvícola, así como as de aproveitamento, non requiren licenza municipal se se realizan en solo rústico ou urbanizable non delimitado. Así, non son esixibles máis licencias, permisos ou autorizacións que nos previstos na citada Lei.

Por engadido, a Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local e a Lei 43/2003 de 21 de novembro, de Montes, non outorgan competencia algunha en materia forestal á administración local máis ala da correspondente aos montes da súa titularidade.

O Concello pretende xustificar a súa capacidade para ditar a Ordenanza na competencia que lle atribúe a Lei 7/85 , Reguladora das Bases de Réxime Local, en materia de conservación e rehabilitación das vías de titularidade municipal. Poren, esta Lei, non constitúe fundamento de dereito suficiente para impoñer unha serie de requisitos e obrigas para actividades de explotación forestal e ó transporte de madeira por vías públicas de titularidade municipal que non se aplican a outras actividades (agrícola, gandeira, etc.).

b) Discriminación da actividade forestal fronte a outras actividades do rural.

As actividades relacionadas coa explotación forestal non supoñen un uso excepcional das vías de titularidade municipal senón que é o uso principal para o que foron deseñadas. Por engadido, a Ordenanza ten como obxecto principal regular a actividade forestal; poren, esta actividade non supón un impacto distinto do que exercen sobre elas os camións das mesmas características que transporten mercadorías de calquera outra natureza.

c) Descarga das responsabilidades do Concello nas empresas do sector.

No exercicio da competencia que lle outorga a Lei 7/1985, é responsabilidade do Concello manter as vías da súa titularidade nun estado tal que permita o seu uso normal, o que inclúe a saca e o transporte de madeira, e o non facelo podería dar lugar á reclamación de indemnizacións.

Pretende o Concello de Lourenzá, descargar a súa responsabilidade de realizar o mantemento que corrixa o desgaste natural derivado do uso normal das infraestructuras municipais, trasladándoa ás empresas de explotación forestais.

Estas empresas son as primeiras interesadas en que a rede de camiños rurais e pistas se manteñan nas mellores condicións de uso posibles. O estado das mesmas condiciona a seguridade e a rendibilidade da saca de madeira. Non quere dicir iso que non se produzan en ocasións comportamentos negligentes, que naturalmente deben ser perseguidos e sancionados, pero consideramos que as administracións xa dispoñen de instrumentos axeitados para loitar contra tales comportamentos.

d) Obrigatoriedade de fianzas como única garantía.

A obrigatoriedade de depositar fianza a prol do Concello supón un inmovilizado moi cuantioso para as empresas que lastra a competitividade das mesmas. Ademais, estas xa dispoñen de seguros de responsabilidade civil que cobren, entre outros, os mesmos danos dos que debe responder a fianza. A pesares disto, só se aceptan as fianzas como medio de garantía, porque desta maneira a execución das mesmas queda suxeita á súa arbitrariedade. Convértense así as fianzas en fonte de financiamento irregular do mantemento do desgaste natural das pistas de titularidade municipal.

e) Imposición de sobrecargas administrativas.

A industria de transformación da madeira e o moble é un dos sectores estratéxicos para a economía galega. O Instituto Galego de Estatística destaca o seu papel relevante en 52 concellos rurais, xa que representa o 30% das industrias asentadas. A facturación conxunta do sector ascende a 1625 millóns

de euros, o emprego supera os 70.000 postos de traballo e o valor das exportacións suma 688 millóns de euros.

Compre facer constar que o incremento de cargas administrativas e os custos de xestión para as pequenas e medianas empresas do sector pode repercutir gravemente no seu funcionamento sendo inasumible se todos os concellos ditasen este tipo de ordenanzas.

Visto o informe do Secretario da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense, D. Vicente Pastor Martínez, de data 09/08/2013 no que literalmente informase o seguinte:

" Os representantes municipais dos Concellos desta Mancomunidade a través da Asemblea Plenaria celebrada en data 5 de agosto de 2013 encoméndannos a elaboración dun informe xurídico á vista das alegacións formuladas pola CONFEDERACIÓN GALLEGA DE EMPRESARIOS DE LA MADERA solicitando a suspensión inmediata da "ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE LOURENZÁ", e o subseguinte arquivo de todas as actuacións con ela relacionadas.-

ANTECEDENTES

O Concello de LOURENZÁ aprobou provisionalmente, en sesión plenaria de data 20/05/2013 a "ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL", publicada no BOP de Lugo Nº 126 de 03/06/2013..

Na dita ordenanza regúlase o uso e aproveitamento das vías públicas ou camiños urbanos e rurais dentro do termo municipal de LOURENZA.

Esta ordenanza foi cuestionada pola CONFEDERACIÓN GALLEGA DE EMPRESARIOS DE LA MADERA, mediante un escrito que tivo entrada neste Concello o día 10/07/2013, registrándose de entrada co núm.970, no que se solicita a suspensión inmediata da "ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL" do Concello de LOURENZÁ.", e o subseguinte arquivo de todas as actuacións con ela relacionadas.-

Versa o presente informe, en consecuencia, sobre o axustamento a dereito da Ordenanza municipal cuestionada, nos termos nos que o foi pola CONFEDERACIÓN GALLEGA DE EMPRESARIOS DE LA MADERA.-

NORMATIVA E LEXISLACIÓN ESTUDADA

- 1.-Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.-*
- 2.-Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.-*
- 3.-Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobada por Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo.-*
- 4.-Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño.-*
- 5.-Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.-*
- 6.-Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.-*
- 7.-Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.-*

INFORME

1º.-Con respecto á FALTA DE COMPETENCIA DO CONCELLO PARA DITAR A ORDENANZA OBXECTO DESTE INFORME E POSIBLE CONTRAVENCIÓN DA LEI

7/2012, DO 28 DE XUÑO, DE MONTES DE GALICIA, débese partir, como premisa básica, do teor literal dos artigos 4º a) e 25.2 d) da Lei reguladora das bases de réxime local (no sucesivo LRBRL), na que se lle atribúen ao Concello as potestades regulamentaria e de autoorganización en relación, entre outras materias, coa conservación de camiños e vías rurais municipais, e, polo tanto, sendo competente o Concello, á luz da dita norma con rango de lei, para establecer a ordenanza u ordenanzas que con respecto ás materias previstas no art.25 de LRBRL considere impoñer para satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

E é que a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia establece un procedemento de autorizacións e concesións para o aproveitamento dos montes de dominio público, autorizacións que, dado o carácter demanial deste tipo de montes, deberán outorgarse pola administración autonómica para exercer aquelas actividades que, conforme á normativa autonómica, requiran pola súa intensidade, perigosidade ou rendibilidade a dita autorización previa; autorizacións que, porén, non se prevén para os montes de titularidade privada, tamén incluídos no ámbito da aplicación da referida Lei de montes de Galicia, polo que xa estamos en posición de dicir que as ditas autorizacións non se prevén para todos os montes e terreos forestais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co establecido na Constitución española, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Lei estatal 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Pero é que, en todo caso, resulta que o establecemento do dito réxime de autorizacións ten como fin, de acordo co art. 3 da citada Lei, a xestión sostible, conservación, protección, restauración, etc., de todos os montes e terreos forestais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia; mentres que a ordenanza municipal cuestionada ten por obxecto a regulación do uso e aproveitamento das vías públicas ou camiños urbanos e rurais municipais.

2º.-En canto á alegada DISCRIMINACIÓN DA ACTIVIDADE FORESTAL FRONTE A OUTRAS ACTIVIDADES DO RURAL, debe dicirse que a Ordenanza, nos seus distintos capítulos, establece limitacións de diferente tipo, relacionadas non soamente coas empresas vinculadas á industria da madeira, senón que na citada ordenanza se impoñen diversas obrigas ao tránsito de vehículos pesados, carga e descarga e transporte de materiais en xeral (Capítulo I, Título II da Ordenanza); conservación de gabias e sumidoiros, limpeza de fincas e predios lindantes coa vía pública (Capítulo II, Título II de la Ordenanza); obras que poidan afectar á vía pública (Capítulo III; Título II da Ordenanza), etc.-

Establecéndose no Título III a obriga de obter licenza ou autorización a unha serie de actividades de diversa natureza, e non unicamente á corta, carga, transporte ou depósito de madeira; actividades relacionadas con diversos sectores ou ámbitos e que poden afectar no seu desenvolvemento ás vías públicas municipais.

Polo que en ningún caso a ordenanza cuestionada se circunscribe exclusivamente ás empresas, entidades ou suxeitos que realicen traballos vinculados ao aproveitamento da madeira, debendo engadirse ademais, que a utilización dos bens e dereitos destinados á prestación dun servizo público, como neste caso as vías públicas ou camiños municipais, corresponde por igual e de forma indistinta a todos os cidadáns e, polo tanto, se encontran afectados ao uso xeral ou ao servizo público a que estean destinados.

En concreto no apartado 1, do art. 17 da ordenanza, establécese claramente que a obriga de comunicación esténdese a "calquera outra actividade que de xeito extraordinario se realice por estas vías e afecte ao seu estado ou conservación establecéndose a obriga de solicitar o seu uso ao Ente Local".

Ao que hai que engadir que o seu establecemento, como xa se expuxo, garda relación coa potestade autoorganizatoria dos concellos, sen esquecer ademais, que como di o Tribunal Constitucional, entre outras na Sentenza 76/1990, do 26 de abril (RTC 1990, 76): «a) no toda desigualdad de trato en la ley supone una infracción del artículo 14 de la Constitución, sino que dicha infracción la produce sólo aquella desigualdad que introduce una diferencia entre situaciones que pueden considerarse iguales y que carece de una justificación objetiva y razonable; b) el principio de igualdad exige que a iguales supuestos de hecho se apliquen iguales consecuencias jurídicas, debiendo considerarse iguales dos supuestos de hecho cuando la utilización o introducción de elementos diferenciadores sea arbitraria o carezca de fundamento racional; c) el principio de igualdad no prohíbe al legislador cualquier desigualdad de trato sino sólo aquellas desigualdades que resulten artificiosas o injustificadas por no venir fundadas en criterios objetivos y suficientemente razonables de acuerdo con criterios o juicios de valor generalmente aceptados; d) por último, para que la diferenciación resulte constitucionalmente lícita no basta con que lo sea el fin que con ella se persigue, sino que es indispensable además que las consecuencias jurídicas que resulten de tal distinción sean adecuadas y proporcionadas a dicho fin, de manera que la relación entre la medida adoptada, el resultado que se produce y el fin pretendido por el legislador superen un juicio de proporcionalidad en sede constitucional, evitando resultados especialmente gravosos o desmedidos».

3º.-En canto á suposta DESCARGA DE RESPONSABILIDADE DO CONCELLO NAS EMPRESAS DO SECTOR MADEREIRO E EN RELACIÓN Á OBRIGA DE DEPOSITAR FIANZA establecida no art. 17.2 da mencionada Ordenanza, debe dicirse, e iso sen prexuízo do exposto nos apartados precedentes do presente informe, que o fundamento do establecemento da dita fianza é garantir a reparación ou resarcimento, no seu caso, dos danos producidos nas vías e camiños públicos municipais, polo deterioro ou desgaste que non sexan os normais ou naturais dos mesmos.-

Polo que o responsable do dano ou deterioro extraordinario, sen prexuízo do pago da mesma, estará obrigado a reparar os danos producidos nos viarios ou nas estruturas anexas, así como á retirada e limpeza dos restos procedentes das operacións, no presente caso de corta, carga e almacenamento; reparacións que, se non son efectuadas voluntariamente polo seu causante, se realizarán polo Concello con cargo á fianza.

E iso sen prexuízo da potestade do Concello de establecer e impoñer sancións ao causante dos danos ou deterioros, de acordo co previsto no Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais; procedemento que conforme ao dito Regulamento e ao Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, tamén se regulou no Título IV da ordenanza contradita, porque así o permite a dita normativa e demais normativa sectorial aplicable.

E, sen prexuízo, igualmente, de exercer as accións oportunas para resarcir o custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación, se estes non foran totalmente cubertos pola fianza.

No obstante, será ao Concello a quen lle corresponde probar que eses deterioros nos camiños son consecuencia do dito transporte e imputables aos responsables e de non facerse así, en virtude dos principios informadores do procedemento sancionador, non poderá esixirse. Non está por iso en si mesmo afectada de nulidade esta ordenanza, nin xera por si indefensión aos suxeitos afectados polo seu ámbito de aplicación, entre os que se atopan as empresas

vinculadas ao sector madeiro que utilicen as ditas vías e camiños municipais, xa que chegado o momento haberá de probarse a orixe dos danos, a súa contía e os seus responsables; fianza que ademais lle será restituída ao seu depositante, de non se producir ningún dano ou de repararse voluntariamente o mesmo polo depositante da mesma.

4º.-Finalmente de todo o exposto infírese que, dado que o establecemento da citada ordenanza se efectúa á luz de normas con rango de lei, así como de acordo cos regulamentos municipais aplicables a esta concreta materia, xa examinados, consideramos que a dita ordenanza, e a esixencia a través da mesma da obtención dunha autorización para desenvolver as actividades relacionadas no art. 16 da ordenanza, así como a obriga de comunicación e do depósito dunha fianza, previstos no art. 17 da mesma, non supón unha sobrecarga administrativa, á vista das cifras de facturación exhibidas pola propia CONFEDERACIÓN GALLEGA DE EMPRESARIOS DE LA MADERA e dada a relevancia e incidencia deste sector sobre as ditas vías municipais, senón máis ben ao contrario, supoñen para a industria madeira (así como para os outros sectores e suxeitos afectados pola mencionada ordenanza) unha garantía fronte a posibles actuacións arbitrarias das autoridades locais, no sentido de que a través dos ditos condicionantes (establecidos pola ordenanza nos seus artigos 16 e 17), queda constancia con carácter previo das específicas actuacións que se desenvolverán pola concreta empresa actuante (titular do empresario madeiro, data de realización, lugar de depósito, camiños e vías de titularidade municipal a utilizar, relación de vehículos), de forma que de instarse finalmente un procedemento sancionador contra a dita empresa, non se poda pola administración local imputar a dita empresa danos ou deterioros non derivados, no caso do sector madeiro, do depósito, carga e transporte de madeira nas vías de titularidade municipal.-

CONCLUSIÓNS:

1ª.-A licenza ou autorización prevista no art. 16 da "ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL", e a comunicación prevista no seu art. 17, non contraveñen a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, por canto o ben xurídico protexido nesta Lei son os propios montes e terreos forestais existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, someténdose a autorización autonómica previa, como xa se ha expuxo, determinadas actividades a desenvolver nos montes e terreos de dominio público; mentres que na ordenanza obxecto deste informe o ben xurídico protexido son as vías públicas ou camiños urbanos e rurais municipais, podendo regular o Concello a protección e conservación de camiños e vías rurais municipais de acordo cos artigos 4º a) e 25.2 d) da LRBRL.-

2ª.-Á vista do contido dos distintos capítulos da ordenanza e da xurisprudencia de aplicación ao caso presente, non se aprecia vulneración do principio constitucional de igualdade e de non discriminación previsto no art. 14 da Constitución española.-

3ª.-A esixencia da dita fianza non se pode considerar en ningún caso unha "fonte de financiamento irregular do mantemento do desgaste natural das pistas de titularidade municipal", senón que a mesma prevese, para o suposto de que se produzan danos ou deterioros, non ordinarios, nas vías de titularidade municipal cuxo valor de reparación ou reposición no se previra, precisamente polo seu carácter extraordinario. E, en definitiva, para asegurar a adecuada utilización e conservación dos mesmos.-

4ª.-A esixencia a través da ordenanza da obtención dunha autorización para desenvolver as actividades relacionadas no art. 16 da mesma, así como a obriga de comunicación e do depósito dunha fianza, previstos no art. 17 da referida ordenanza,

non supoñen unha sobrecarga administrativa, senón máis ben unha garantía fronte a posibles actuacións arbitrarias das administracións locais.-

5ª.-En consecuencia, a "ORDENANZA REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL", publicada no BOP de Lugo 126 de 03/06/2013,, é, por conseguinte, totalmente válida e axustada a dereito, propoñéndose a desestimación das alegacións presentadas contra a mesma pola CONFEDERACIÓN GALLEGA DE EMPRESARIOS DE LA MADERA.-

O que teño a honra de informar a salvo de calquera outro mellor fundado en dereito.-

A continuación pasouse á votación e O Pleno, en votación ordinaria e con sete votos a favor, do Partido Popular e B.N.G., e catro abstencións, do P.S. de G.-P.S.O.E., ACORDA:

PRIMEIRO.- Rexeitar as alegacións presentadas, en tempo e forma, e ttrnscritas " ut supra" por Dª. Ana Orons Mata, Secretaría Xeral, en representación de la Confederación Gallega de Empresarios de la Madera (Confemadera) e achegar a dita Confederación certificación do presente acordo para o se coñecemento e efectos oportunos.

SEGUNDO.- Elevar a definitivo o acordo adoptado polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o día 20/05/2013, no que aprobose a ORDENANZA REGULADORA DE USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DAS VÍAS PÚBLICAS. O presente acordo resolvendo as reclamacións presentadas e coa redacción definitiva da Ordenanza haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo o disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRO- A Ordenanza aprobada entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

CARTO- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

11º.- EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE LOURENZÁ.

Seguidamente e neste punto, a voceira, Sra. Flórez Seivane, indicou que o texto proposto era o facilitado pola Exma. Deputación Provincial ao que se fixera algunha adaptación á realidade do concello, e polo que se refire ao incremento da taxa nos postos de mercado era o contido do punto seguinte, e que tratárase de diferenciar e así potenciar os postos de venda de froitos do pais polos labradores de Lourenzá e concellos limítrofes, no que incluíanse as fabas dos domingos, dos postos ambulantes máis profesionais como calzado, roupa, etc.

A continuación o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a imposición da Ordenanza Reguladora da Venda Ambulante no concello de Lourenzá (Lugo), sendo o seu contido literal o que segue:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, impón aos Estados a obriga de eliminar todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos que se contemplan nos artigos 49 e 56 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFE) respectivamente.

A súa incorporación ao ordenamento xurídico español conduce á modificación da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Detallista, e ineludiblemente á reforma dos conseguintes desenvolvementos regulamentarios, co obxecto de axeitar o seu contido ás esixencias de supresión de trámites innecesarios e de simplificación de procedementos administrativos no outorgamento das autorizacións pertinentes en materia de comercio.

Aínda que con carácter xeral as actividades de servizos de distribución comercial non deben estar sometidas a autorización administrativa previa, no relativo ao exercicio da venda ambulante ou non sedentaria considerouse necesario o seu mantemento así como a introducción de certas modificacións, que a continuación exporanse, na medida que este tipo de actividade comercial require do uso de solo público que debe conciliarse con razóns imperiosas de interese xeral como a orde pública, a seguridade e a saúde pública.

Por outra banda, dada a escaseza de solo público dispoñible, o número de autorizacións deberá ser necesariamente limitado. Por iso, o procedemento de concesión debe ser público e transparente de xeito que, a pesar de que as autorizacións teñan unha duración limitada no tempo, poidan proporcionar un resarcimento xusto dos investimentos acometidas polos seus titulares.

Tamén Necesidade de adaptación da regulación vixente aos principios e obxectivos da Directiva Europea 2006/123, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior e a lexislación estatal e autonómica pola que se traspón ao dereito interno a Directiva de Servicios, nomeadamente:

- Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e ao seu exercicio.

- Lei 1/2010, do 1 de marzo, de reforma da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Minorista.

- Lei 7/2009, do 22 de decembro, de modificación da Lei 10/1988, do 22 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia.

- Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria e Decreto 194/2001, do 26 de xullo.

O Mercado no Concello de Lourenzá ten unha grande tradición posto que existen datos da celebración de feiras dende o ano 1774 no Val de Lourenzá. No Arquivo Municipal atopase o expediente formado sobre a Concesión e Real Facultade para a celebración do Mercado Semanal e Feira Mensual na Villa de Villanueva de Lourenzá, que data no ano 1836 . De feito no arquivo poden verse os prezos correntes dos anos 1837 e 1839 dos artigos de subsistencia de Mercado e Feira que se celebraban na Villa.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

ARTIGO 1.- TÍTULOS COMPETENCIAIS.

A presentación ordenanza díctase en virtude das competencias que se atribúen ao municipio en virtude de canto se dispón polos artigos 25.2. e 84.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 22 a 27 da Lei 10/1988, de 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia; nos artigos 1 e 5 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, e polos artigos 13 e seguintes do Decreto 194/2001, de 26 de xullo, de ordenación de venda ambulante.

ARTIGO 2.- OBXECTO

Esta ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, a venda que se realice polos comerciantes fóra dun establecemento permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos lugares que se sinalan no artigo 2, dentro do termo municipal, en instalacións desmontables ou transportables, así como en vehículos tenda.

Ademais do disposto pola presente ordenanza, a venda ambulante rexeráse polo establecido na Lei 10/1988, de 20 de xullo, de Ordenación do Comercio interior de Galicia, no Decreto da Consellería de Industria e Comercio 194/2001, de 26 de xullo de ordenación da venda e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos técnico sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto.

ARTIGO 3.- CONCEPTO E MODALIDADES DE VENDA AMBULANTE

Considérase venda ambulante a realizada polos comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos lugares que se indican no artigo 2, da presente ordenanza, en instalacións desmontables ou transportables, incluídos os camións -tenda e demais vehículos de venda ambulante.

A venda ambulante só poderá realizarse baixo as seguintes modalidades:

- Venda ambulante en mercados periódicos: Son aqueles que se celebran con periodicidade preestablecida, xa sexa con ocasión da celebración de feiras tradicionais ou especificamente como mercado ambulante.
- Venda ambulante en mercados ocasionais: Son aqueles que se celebran de maneira non periódica en razón a festas ou acontecementos populares.
- Venda ambulante en camións -tenda con carácter itinerante nos lugares e cos itinerarios que se autoricen polo Concello.

ARTIGO 4.- EXCLUSIÓN

De conformidade con canto se establece polo artigo 2.4 do Decreto 194/2001, de 26 de xullo non terá consideración de venda ambulante:

- Actividades comerciais reguladas pola Lei 1/1996, de 5 de marzo, de actividades ferias de Galicia e as súas normas de desenvolvemento.

- Venda directa exercida polos agricultores do termo municipal ou nos termos limítrofes, limitada á súa propia produción.

- Venda de obxectos artesanais realizados polos propios produtores, con motivo de festas, feiras ou acontecementos populares.

- Venda puramente ocasional de xornais, plantas e flores, así como de obxectos usados de pertenza particular do vendedor.

Tampouco teñen a consideración de venda ambulante a venda a distancia nin a venda automática mediante máquinas preparadas para este efecto.

Non obstante o exposto, os agricultores e artesanais que realicen este tipo de venda utilizando as vías públicas están suxeitos ás normas de funcionamento

establecidas na presente ordenanza así como ás obrigas que se indican no Capítulo IV así como, se é o caso, ao réxime de infraccións e sancións do Capítulo V.

ARTIGO 5.-PRODUCTOS CUXA VENDA SE AUTORIZA.

Productos autorizados nos mercados periódicos ou ocasionais: poderán ser ofrecidos á venda artigos téxtiles, de artesanía, bixutería, marroquinería, calzado, confección, droguería, artigos de coiro ou pel, de ornato de pequeno volume, así como produtos alimenticios que non estean expresamente prohibidos pola normativa vixente.

Productos dos que a venda se autoriza en camións -tenda: Pan, froita, queixos, produtos envasados, peixe fresco e conxelado, así como outros produtos alimenticios nos que a súa venda en réxime de ambulancia estea autorizada pola normativa estatal ou autonómica aplicable a estes.

CAPÍTULO II .NORMAS DE FUNCIONAMENTO

ARTIGO 6.- MERCADOS OCASIONAIS E CAMIÓN-S-TENDA

A organización, intervención e inspección da venda ambulante correspóndelle ao Alcalde -Presidente ou concelleiro en quen delegue.

Mediante resolución da Alcaldía fixaranse os días de celebración dos mercados ocasionais, así como o lugar ou lugares e horarios de celebración destes:

A venda en vehículos -tenda poderá realizarse en días laborais, das 8,00 ás 20 horas e domingos de 8,00 a 14,00 horas.

ARTIGO 7.- MERCADOS PERIÓDICOS.

Os mercados periódicos celebraranse no lugar de Mercado Gandeiro, os días 9 e 28 de cada mes e co seguinte horario:De 8,00 a 14 horas.

Os lugares de colocación dos postos de venda serán obxecto de sinalización no correspondente plano e a venda só poderá efectuarse no lugar asinado.

Para supostos ou eventos excepcionais, por resolución da Alcaldía, poden habilitarse espazos distintos dos sinalados.

Os postos desmontables non poderán situarse en accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais, nin en lugares que dificulten o acceso e a circulación peonil.

ARTIGO 8.- REQUISITOS XERAIS DE PRODUTOS E POSTOS

Os produtos frescos que vendan deberán estar en perfectas condicións hixiénicas e de calidade, sen que poidan ocasionarse riscos para a saúde ou seguridade dos consumidores.

Deberán impedirse que os produtos alimenticios estean en contacto co chan, debendo adoptarse as medidas precisas de protección manual mediante luvas, tanto para o vendedor como para os compradores co fin de impedir o contacto directo das mans cos produtos.

Os utensilios que se utilicen para a venda de produtos alimenticios, sen envasar, así como os mostradores, deberán estar en perfectas condicións hixiénicas.

ARTIGO 9.- REQUISITOS DOS VEHÍCULOS TENDA

Os vehículos -tenda deberán cumprir os seguintes requisitos:

En todo caso deberán contar con furgón separado fisicamente da cabina do conductor.

a) Vehículos destinados á venda de peixe fresco: deberán contar coas seguintes especificacións técnicas:

- Vehículo isoterma homologado.
- Xelo cunha temperatura no centro das pezas entre 0 e 7 graos centígrados.
- Inclinación do chan para evacuación da auga de fusión.
- Superficies interiores lisas e unións redondeadas.

- Bidón auxiliar de auga potable en cantidade suficiente, toallas dun só uso e xabón líquido.

- Caldeiro para residuos ou bolsas de plástico.

b) Vehículos para a venda de peixe conxelado:

- Vehículo frigorífico homologado.

- Temperatura dos produtos igual ou inferior a -18 graos centígrados.

- Rexistro gráfico de temperatura

- Superficies lisas e unións redondeadas.

CAPÍTULO III. MODALIDADE DE INTERVENCIÓN

Artigo 10.- A autorización previa

1. A venda ambulante constitúe un servizo que para o seu exercicio polos comerciantes esixe o uso especial do dominio público local, en especial na súas modalidades de *mercadillos* habituais ou non, con incidencia directa na seguridade viaria polo uso que para esa se fai das prazas e rúas, e na saúde pública, de maneira que todo control a posterior do seu exercicio devén ineficaz. As razóns imperiosas de interese xeral que concorren nesta actividade xustifican o réxime de autorización previa que se establece na presente ordenanza.

O exercicio da venda ambulante, en calquera das súas modalidades, requirirá a previa autorización municipal correspondente, que será expedida polo Sr. Alcalde - Presidente ou órgano municipal no que delegue.

2. A autorización terá unha vixencia de CINCO ANOS, período que se considera suficiente para amortizar os custes en que se incorre polos vendedores, en especial nos supostos de vehículos tenda.

3. Atendendo á limitación do número de autorizacións e á temporalidade destas, a concesión delas estará sometida ao réxime de competencia competitiva, agás nos supostos de venda en camión-tenda.

ARTIGO 11.- DA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN.

1. Poden exercer a actividade de venda ambulante as persoas físicas e xurídicas que teñan capacidade xurídica e de obrar e sexan titulares da autorización previa municipal.

As persoas interesadas na obtención da correspondente autorización municipal para o exercicio da venda ambulante, presentarán ante o Concello **solicitud** de acordo co modelo normalizado que figura no **anexo I** da presente ordenanza, especificando os seus datos persoais e produtos que pretende comercializar.

2. Á solicitud deberá unirse unha **declaración responsable**, segundo o modelo establecido no **anexo II** desta ordenanza, na que se fará constar necesariamente os seguintes extremos:

a) Que cumpre todos os requisitos establecidos para o exercicio da venda ambulante na Comunidade Autónoma de Galicia e que está inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia, regulado polo decreto 199/2001 de 26 de xullo, e que tal inscrición está vixente na data da declaración .

b) Que está en posesión da documentación que así o acredita a partir do comezo da actividade.

c) Que se compromete a manter o seu cumprimento no prazo da vixencia da autorización.

3.- A declaración responsable, comprenderá, ademais, os seguintes extremos:

a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente no pagamento da tarifa.

A circunstancia de estar dado de alta e ao corrente do pagamento do Imposto de Actividades Económicas ou, se é o caso, no censo de obrigados tributarios, deberá

ser acreditada a opción do interesado, ben por el mesmo ou ben mediante autorización á Administración para que verifique o seu cumprimento.

b) Estar ao corrente no pagamento das cotizacións da Seguridade Social.

c) Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.

d) No caso de estranxeiros, deberá acreditarse, estar en posesión do permiso de residencia e de traballo, ou documentación que xustifique que está en trámite de obtela ante o organismo competente, así como os devanditos permisos.

e) Cando o venda se realice por persoa distinta do titular da licenza, será necesaria a acreditación do correspondente contrato laboral e alta na seguridade social.

4. Á declaración responsable deberán achegarse os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos establecidos no parágrafo anterior que poderán ser substituídos pola acreditación de estar inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia.

ARTIGO 12.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE EN MERCADILLOS PERIÓDICOS E OCASIONAIS.

Atendendo á limitación do número de autorizacións e a temporalidade das mesmas para a súa concesión articularase un procedemento de concorrencia competitiva. O procedemento concorrencial será convocado polo señor Alcalde - Presidente quen tamén aprobará as bases que rexerán a convocatoria.

Entre os méritos a ter en conta estarán os seguintes:

- Antigüidade como vendedor ambulante.
- O feito de non ter sido sancionado polo exercicio da venda ambulante no municipio.

ARTIGO 13.- DA AUTORIZACIÓN DE VENDA AMBULANTE

A autorización municipal será persoal e acreditarase mediante a entrega da correspondente tarxeta, segundo o modelo do Anexo II no que se fará constar:

a) Nome e apelidos do titular, domicilio e DNI/NIF.

b) Actividade que desenvolve e artigos de venda.

c) Lugares e itinerarios para os que se autoriza a venda ambulante. A autorización sinalará no caso dos *mercadillos* a dimensión do posto adxudicado.

d) Determinación do número de persoas habilitadas para a venda baixo a dependencia do titular da autorización.

e) Referencia á obriga de cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, disciplina de mercado e protección do consumidor.

f) Condicións particulares ás que, se é o caso, quede suxeito o titular.

Período de vixencia da autorización.

O devandito carné ou copia cotexada deste, deberá ser exhibido polo comerciante durante o exercicio da actividade.

Poderán exercer a actividade, ademais do titular, o seu cónxuxe e fillos autorizados no carné e as persoas vinculadas ao titular mediante contrato laboral.

A autorización municipal terá unha vixencia de un ano.

A solicitude resolverase no prazo de UN MES. De non recibir notificación da resolución expresa no prazo indicado entenderase que a solicitude foi desestimada por silencio negativo, atendendo canto establece o artigo 43 da Lei 30/1992, xa que a súa concesión supón transferir ao solicitante facultades sobre o dominio público local e afecta ás razóns imperiosas de interese xeral invocadas no artigo 10.1 desta ordenanza.

A autorización será transmisible nos termos do artigo 3.2 do real decreto 199/2010, do 26 de febreiro.

CAPÍTULO IV. OBRIGAS

ARTIGO 14.- TAXAS

A venda ambulante, en todas as modalidades, devengará a taxa que, se é o caso, se impoña e regule mediante a correspondente ordenanza fiscal.

ARTIGO 15.- OBRIGAS

Son obrigas dos titulares das autorizacións para o exercicio da venda ambulante así como calquera persoa que ocupe a vía pública para a venda, as seguintes:

- a) Ter colocada a lista de prezos en lugar visible para os consumidores.
- b) Ter colocada en lugar visible a tarxeta municipal de vendedor ambulante autorizado.
- c) Deixar limpo de residuos, desperdicios ou envoltorios o espazo do posto concedido no suposto de mercados ocasionais.
- d) Exercer pública e pacificamente a actividade sen producir molestias aos veciños.
- e) Acatar as ordes da Autoridade municipal ou da persoa encargada da boa orde de desenvolvemento da actividade facilitando toda a documentación que lle sexa requirida.
- f) Reparar os desperfectos que se ocasionen nos bens de titularidade municipal.
- g) Cumprir as disposicións da presente ordenanza e de todas aquelas obrigas que se deriven de cantas disposicións legais e regulamentarias fosen de aplicación.
- h) Así mesmo, queda prohibido usar aparellos de megafonía que polo seu volume molesten aos veciños.

CAPÍTULO V. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

ARTIGO 16.- COMPETENCIA SANCIONARA

Segundo a lexislación vixente correspóndelle ós Concellos a inspección e sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións.

As infraccións da presente ordenanza serán sancionadas segundo a normativa vixente, logo da instrución do expediente sancionador que será resolto polo Alcalde.

Serán de aplicación ás infraccións recollidas nesta Ordenanza, as regras e principios sancionadores contidos na lexislación xeral sobre réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

En ningún caso se poderá impoñer una dobre sanción polos mesmos feitos e en función dos mesmos intereses públicos protexidos, se ben deberán esixirse as demais responsabilidades que se deduzan doutros feitos ou infraccións concorrentes.

ARTIGO 17.- CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS

As infraccións poden ser leves, graves ou moi graves.

17.1) Son infraccións leves as seguintes:

- a) Incumprimento do horario.
- b) Incumprimento das obrigas de información ou publicidade fronte aos adquirentes: falta de lista de prezos ou tela en lugar non visible para o público.
- c) Incumprimento do deber de exhibir a autorización municipal para o exercicio da venda ambulante (tarxeta municipal de vendedor ambulante autorizado)
- d) Calquera outra infracción da presente ordenanza que non estea expresamente tipificada como infracción grave ou moi grave.

17.2) Son infraccións graves:

- a) A reiteración ou reincidencia nunha falta leve
- b) Falta de pagamento da taxa
- c) Exercer a actividade por persoa non autorizada.
- d) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou polos seus axentes para o cumprimento das funcións de información, vixilancia, investigación, tramitación e execución; así como o subministro de información inexacta ou documentación falsa.
- e) O depósito de mercadorías fóra do camiión-tenda.
- f) A venda fóra do lugar autorizado.
- g) Non deixar limpo ao remate do mercado o espazo ocupado polo posto.
- h) Verter directamente na rúa auga ou outros líquidos da cocción do polbo ou dos empregados para a limpeza xeral do posto.

17.3) Son infraccións moi graves:

- a) Reiteración ou reincidencia en calquera falta.
- b) Venda de artigos non autorizados, caducados ou en deficientes condicións hixiénico-sanitarias.
- c) Infraccións en materia sanitaria tanto no que respecta ao vehículo como aos produtos vendidos.
- d) A venda ambulante sen autorización ou con ela caducada.

ARTIGO 18.- REINCIDENCIA

Entenderase que existe reincidencia, cando se cometa unha infracción análoga á que motiva a sanción anterior no prazo do ano seguinte ao da notificación desta. En tal suposto requirirase que a primeira resolución sancionadora tivera adquirido firmeza en vía administrativa.

ARTIGO 19.- SANCIONES

Pola comisión de infraccións poderán impoñerse as seguintes sancións:

- Por infracción leve: Multa de ata 300,00 euros.
- Por infracción grave: Multa de entre 300,00 euros e 900.00 euros.
- Por infracción moi grave: Multa de entre 900,00 euros e 1.500,00 euros.

Como sanción accesoria poderá acordarse a revogación da autorización para realizar a venda ambulante para o caso de infraccións graves e moi graves.

ARTIGO 20.- GRADUACIÓN

Para a graduación das infraccións e sancións aplicables terase en conta a transcendencia social da infracción, o comportamento do autor, a contía global da operación obxecto de infracción, a afección á saúde, salubridade e ornato público, a contía do beneficio obtido con ela, a natureza dos produtos vendidos, a categoría e a solvencia económica do comerciante.

ARTIGO 21.- PRESCRICIÓN.

As infraccións previstas nesta Ordenanza prescribirán se son leves aos dous meses, se son graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Os agricultores e gandeiros que vendan directamente os seus propios produtos non necesitarán autorización municipal de venda ambulante aínda que si deberán respectar as normas de funcionamento do mercado.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.-

As autorizacións en vigor na data de aplicación desta ordenanza, conservarán a súa vixencia durante os cinco anos seguintes contados desde a data de entrada en vigor desta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL.-

A presente ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e teñan transcorridos os quince días a que fai referencia o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

SEGUNDO.- Somete-lo presente acordo plenario ós requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante trinta días como mínimo, e anuncialo por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa o art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- A Ordenanza aprobadas entrarán en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirán en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

CARTO.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas á nova Ordenanza modificada haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo dispón o número catro do mesmo artigo e Lei xa citados.

QUINTO.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

12º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACION DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DA TAXA POLO SERVICIO MUNICIPAL DE MERCADO E POR INSTALACIONES DE KIOSCOS E OUTRAS OCUPACIÓNS ANÁLOGAS DA VÍA PÚBLICA.

Neste punto da Orde do día, víronse as propostas da Alcaldía referentes ás modificación das Ordenanzas Fiscais Reguladoras das Taxas polo Servicio Municipal de Mercado e por Instalacións de Kioscos e outras ocupación análogas da vía pública, e tras un breve debate posto que estas modificacións explicáronse no punto anterior, especialmente o tema dos agricultores da zona e que estaba exentos do pago e se indicou que no caso do mercado se potenciaban os postos fixos e para estes facíase unha rebaixa no prezo se pagaban todo o ano e se aclaraba que a taxa para a utilización do centro de limpeza e desinfección de vehículos no mercado era para camións de gando, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número lega, adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta da Alcaldía referente aos expedientes de Modificación das Ordenanzas fiscais que se relacionan a continuación:

A) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO MUNICIPAL DE MERCADO.

Primeiro.-: Modificar a tarifa 2.a) engadindo dous apartados dentro desta, quedando redactada da seguinte forma:

2.a.1) Tarifa do Mercado Público: Metro lineal: 2,05 euros (con un fondo de posto de 3 metros). Para a venda de froitos do país polos labradores farase unha bonificación do prezo do 50% como venda directa.

2.a.2) Tarifa anual para postos fixos: Cuota de 18 euros por metro lineal anual. Cando se produza unha baixa, haberá dereito á devolución da cuota por trimestres.

2.a.3) Tarifa para explotación do servizo de pulpería, bar e churrasquería: 200 euros por día de mercado.

Segundo: Engadir dentro do título da tarifa 2.b) a aclaración de que os camións a que fai referencia esta ordenanza son de gando, polo tanto quedaría redactada como se transcribe seguidamente:

"2.b) Tarifa para a desinfección de camións de gando no Centro de Limpeza e Desinfección de vehículos no mercado "

B) EXPEDIENTE DE MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE INSTALACIÓN DE QUIOSCOS E OUTRAS OCUPACIONES ANALOGAS NA VIA PUBLICA.

Primeiro.-: Modificar as tarifas da citada ordenanza e engadir tres apartados dentro desta, quedando redactada da seguinte forma:

a) Quioscos e outras instalacións dedicadas á vendaa de bebidas alcohólicas, cafes, refrescos, xelados, etc. Por metro lineal, trimestre ou fracción ou por evento, con un fondo de 3 metros.....	16,00 €
b) Quioscos e instalacións similares adicados á venda de prensa, libros, expenduría de tabaco, lotería, cupóns de cegos, chucherías, frutos secos, e outros análogos. Por metro lineal, trimestre ou fracción ou por evento, con un fondo de 3 metros.	16,00 €
c) Quioscos e instalacións similares non determinados expresamente en outros epígrafes deste ordenanza, por metro lineal con un fondo de 3 metros.....	16,00 €
d) Instalacións dedicadas á venda de roupa, calzado, complementos, e similares de carácter industrial por metro lineal con un fondo de 3 metros.....	8,00 €
e) Instalacións dedicadas á venda directa de produtos de artesanía de carácter variado (textil, complementos, xoias, alimentación e bebidas por metro lineal con un fondo de 3 metros.....	20,00€ por posto/stand por evento
f) Cantinas, pulperías y similares	7 € m2 por evento
g)Circos, atraccións temporais e rodaxe cinematográfico a tarifa será a seguinte calquera que sexa a superficie: <ul style="list-style-type: none"> - atraccións de colchones hinchables ou similares..... - Atraccións coches de choque ou similares..... - Circos..... 	60€/evento 250€/evento 150€/evento ou equivalente en entradas

	para servicios sociais
Rodaxe cinematográfico, citando expresamente localización do rodaxe.....	20 €/evento

Nos apartados a), b), c), d) e), se pasan dos 3 metros de fondo cobrase 5,00 euros por metro cadrado.

SEGUNDO.- Somete-lo presente acordo plenario ós requisitos de exposición ó público a efectos de reclamacións, durante trinta días como mínimo, e anuncio por medio de edicto, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, tal como preceptúa o art. 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- As modificacións das Ordenanzas Fiscais aprobadas entrarán en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e cando transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación con 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. Seguirán en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

CARTO.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 da referido Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza modificada haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo dispón o número catro do mesmo artigo e Lei xa citados.

QUINTO.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

13º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A MANTER A AXUDA ECONÓMICA QUE, DENDE O ANO 2007, VEN PRESTANDO PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA FABA E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.

Neste apartado, por parte da voceira do Partido Popular, Sra. Flórez Seivane, explicouse que o motivo da presentación da moción polo seu grupo fora o feito de que o ano pasado reduciran enormemente a aportación económica para a celebración da Festa de Faba, pasando de catro mil a mil euros tal e como se explicaba na mesma, e para iso, empezou facendo un análise cronolóxico de dita subvención que víñase concedendo dende o ano 2007 e consideraba que tendo en conta a importancia do evento, o número de persoas que acuden á celebración, o volume de negocio que move, a repercusión que ten na Mariña, na provincia e máis ala da provincia, o feito de que conte coa distinción de Festa de Interese Turístico Galego, todo leva

a conclusión que o importe da subvención actual por parte do organismo provincial resulta moi insuficiente para a categoría do evento, e polo tanto, e sendo conscientes da situación económica actual, xa non piden un incremento da axuda, pero polo menos que se mantiña como estivera ata o ano pasado, e dicir, catro mil euros.

Seguidamente tomou a palabra o concelleiro do B.N.G., Sr. Docampo Fernández, que indicou que, se ben, era partidario de que se fixeran máis esforzos económicos nos temas sociais ou deportivos, non por menos tiña que recoñecer que o contido da moción aínda que "extraña" non estaba descamiñada e que era acertada na súa petición, posto que un organismo como o INLUDES, tiña que profundizar no desenrolo económico do concello coidando a importancia que tiña a Festa da Faba en Lourenzá, porque dende o seu partido eran coñecedores da importancia que ten este produto para Lourenzá e polo tanto consideran que deben apoiala e poñer o interese xeral e o do concello antes que nada, como noutras ocasións, aínda que tamén pediu máis obxectividade en temas relacionados co organismo provincial e non deixou de recoñecer que a situación actual dende o punto de vista económico, era difícil.

Por parte da voceira do P.S. de G.-P.S.O.E., Sra. López García, preguntouse se o argumento que deran para rebaixar a subvención fora o dos recortes, ao que pola Sra. Alcadesa informóuselle que, expresamente non deran ningunha explicación, e que se comparaban co que deran a outros concellos ou asociacións non tiña moita lóxica, posto que para a "Festa da Fabada" de Cervo, organizada por unha Asociación e con produtos asturianos, non galegos, deran Tres mil (3.000,00) Euros fronte aos mil euros que deran para o Concello de Lourenzá e por exemplo, para a Asociación de Veciños de San Xurxo, da que era membro, concederan Setecentos (700,00.-) Euros para un magosto de cincuenta e catro persoas e pola contra, para o Mercado Medieval de Mondoñedo, vinte mil (20.000.) euros.

A Sra. Alcadesa continuo dicindo que de feito este ano solicitaran a axuda no mes de xaneiro e polo momento non tiveran ningún tipo de contestación e non sabían nada.

Dado por finalizado o debate, pasouse á votación e o Pleno, en votación ordinaria e con sete votos a favor, do Partido Popular e do B.N.G. e catro abstencións, do P. S. de G.-P.S.O.E. , ACORDA:

PRIMEIRO.- Aproba-la moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, nos termos nos que están redactada e que son os que se transcriben literalmente a continuación:

" Como cada ano, o Concello de Lourenzá atópase inmerso no deseño da programación da tradicional Festa da Faba, que chea a sua XXIII edición, e conta coa distinción de Festa de Interese Turístico Galego por parte da Xunta de Galicia.

Neste ano 2013, terá lugar os vindeiros 5 e 6 de outubro e suporá un dos eventos máis relevantes do noso Concello, tanto polo volume de asistentes como pola calidade das diversas actividades que se veñen

programando anualmente para facer desta celebración unha das máis nomeadas, non só da comarca, senón de toda a Comunidade Autónoma e das veciñas Asturias e Castela - León (constatando a presenza, ano a ano, de visitantes de lugares dispares).

Dende o ano 2007, a Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, a través do INLUDES, tiña consignada para esta Festa, unha axuda nominativa de 4.000 €, que sen dúbida son imprescindibles para poder manter o nivel acadado noutras ocasións. Esta Axuda, viuse considerablemente mermada na pasada edición do 2012, onde quedou reducida a 1.000 €.

PROPOSTA DE ACORDO:

O Pleno da Corporación municipal acorda instar a Excelentísima Deputación Provincial de Lugo a:

1) Garantir a continuidade da tradicional axuda económica de 4.000 € para a organización da edición da Festa da Faba no presente ano 2013."

SEGUNDO.- Achegar certificación do presente acordo á Exma. Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

14º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO PLENO MUNICIPAL A ESTABLECER A AXUDA ECONÓMICA ANUAL Á ASOCIACIÓN HIJOS DE LORENZANA EN LA HABANA (CUBA) DE MANEIRA PERMANENTE.

A continuación o Pleno pasou a tratar a moción presentada polo Partido Popular referente a establecer unha axuda económica anual á Asociación Hijos de Lorenzana en La Habana (Cuba) de maneira permanente, sendo o seu contido literal o que segue:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O motivo principal desta moción é fundamentalmente o de manter o vínculo que entre Lourenzá e Cuba estableceron no ano 1911 aqueles veciños nosos que a finais do século XIX e comezos do XX emigraron a Cuba, deixando atrás aos seus familiares coa esperanza de lograr mellores condicións de vida e coa ollada posta no futuro.

Esta xente tiña por costume reunirse nunha casa da Habana situada na Rúa Aguiar 229 a fin de compartir plans e ilusións, entre eses plans compartidos xurdiu a idea de fundar unha sociedade para axudar á terra e ás familias que deixaran atrás, así naceu o 24 de abril de 1911a Sociedade Benéfico Social Hijos de Lorenzana.

Naquel comezo foron dous os seu principais obxectivos: por un lado fomentar a unión entre tódolos fillos do noso Concello en Cuba; e por outro, algo, polo que aínda estamos en débeda con eles, que foi mellorar e difundir a ensinanza entre as nenas e nenos laurentinos por medio da creación de escolas de estudos elementais nas catro parroquias, Santa María de Valdeflores, San Xurxo, Santo Tomé e San Adriano e así contribuír a que todos, indistintamente da clase social, lograsen aprender a ler e a escribir.

Só dúas destas escolas se construíron e, aínda hoxe se conservan, a Escola do Castro en San Adriano e a Escola de Alaxe en San Xurxo.

Dende a súa fundación, e ata o día de hoxe, van xa 102 anos, nos que a Sociedade mantivo vivo o compromiso de continuar traballando pola unión dos antepasados e descendentes dos mesmos que residen en Cuba.

Neste momento contan con 298 asociados e entre as actividades que realizan, destacan por un lado:

-O coidado e mantemento do Panteón dos Hijos de Lorenzana no cemiterio de Colón en la Habana, onde reciben sepultura os pertencentes á mesma, manténdose nun osario común tódolos ancestros. Tódolos anos realizan sendas Ofrendas florais polo Día da Nai, o Día do Pai e o Día de Defuntos.

- Por outro lado, manter a memoria histórica que os unes ás súas orixes, celebrando distintos actos no Centro Gallego de la Habana, entre os que destacan: a Celebración do Día das Letras Galegas o 17 de maio, o 18 de decembro o Día do Emigrante e a celebración das festas patronais laurentinas do Conde Santo o último sábado de agosto, esta última celebrada nas súas orixes nos xardíns La Tropical, anexos a antiga fábrica de cervexas La Tropical.

Dende este Concello e dentro das súas posibilidades, vense axudando economicamente á Sociedade cos seus gastos: de funcionamento, mantemento do Panteón Social así como á memoria histórica que nos une... motivo polo cal, este ano, aínda que en menor contía, por motivo da coxuntura económica que estamos vivindo, fíxoselles a aportación anual de 200 €, na data do 2 de xullo de 2013 en que se levou a cabo a visita dos membros da directiva que acudiron á recepción oficial que se lles ofreceu no Concello. Preténdese así manter a mesma gratitude polo que no pasado eles fixeron polo noso pobo.

Tense tamén en consideración o feito de que os membros da Sociedad Hijos de Lorenzana en la Habana foron declarados Fillos Predilectos do noso Concello polo Pleno Municipal de Lourenzá no ano 1912.

O Grupo Municipal Popular propón ao Pleno do Concello de Lourenzá a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Garantir a continuidade da tradicional axuda económica que, con carácter anual o Concello de Lourenzá lle ven ofrecendo á Sociedade Hijos de Lorenzana en la Habana.

2.- Establecer a contía anual da axuda en 200 € para o vindeiro ano 2014 (xa que a da anualidade 2013 xa lles foi entregada no pasado mes de xullo) e incremental, nos sucesivos anos, en función da correspondente subida do I.P.C."

Coñecido o contido da mesma, e tomando a palabra a voceira do Partido Popular, Sra. Flórez Seivane, por ésta fíxose un pequeno resumo de cando se comezara con estas axudas, que fora cando era alcaldesa a Sra. Rodríguez Rocha pero que naquela época e como non podían transferirse mais que dólares, doábase material funxible como folios, lápices etc. Que despois dende o ano dos mil foron facéndose aportacións económicas de trescentos euros salvo no ano 2011 que por ser o centenario fíxose unha aportación extraordinaria de seiscentos euros e na viaxe que fixeramos ala, nos ensinaron o Panteón, o cal coidan e conservan con gran mimo, convocaran unha reunión con nos e con cerca de cincocentas persoas con numerosos representantes da emigración. Seguiu dicindo que este ano e por motivos da crise e así explicóuselles cando estiveron aquí, reduciuse a aportación a douscentos euros e o motivo da moción era darlle unha continuidade e facelo de forma máis institucionalizada.

Tomando a palabra o Sr. Docampo Fernández, manifestou que estaba de acordo co noventa e nove por cento da moción salvo o feito de que fora indefinidamente, concretamente referiuse ao texto da moción que di: "e incremental, nos sucesivos anos...", pensaba que era algo amplo e que

deberíase recoller doutro modo e por parte da voceira do grupo municipal socialista, Sra. López García, anunciouse que seu grupo ía absterse.

Por parte de Secretaría - Intervención indicouse que por ser unha subvención nominativa procedería incluíla nos Presupostos de cada ano, e polo tanto que fora aprobada cada ano co seu importe correspondente e consecuentemente figuraría expresamente a nome de Sociedade Hijos de Lorenzana en La Habana (Cuba) e que teríase que esixir a correspondente xustificación da subvención concedida.

Dado por finalizado o debate, o Pleno, con sete votos a favor, do Partido Popular e do BNG., e catro abstencións, do P.S. de G.-P.S.O.E., ACORDOU:

Primeiro.- Garantir a continuidade da tradicional axuda económica que, con carácter anual o Concello de Lourenzá lle ven ofrecendo á Sociedade Hijos de Lorenzana en la Habana e para iso incluíla anualmente e de forma nominativa nos presupostos do concello, os cales levarían a tramitación regulamentaria, debéndose presentar por parte dos beneficiarios a xustificación do emprego de dita axuda.

Segundo.- Achegar certificación do presente acordo á Sociedade Hijos de Lorenzana en la La Habana (Cuba) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

15º.- MOCIÓN DO BNG., P.S.O.E - P.S. de G. E P.P. RELATIVA Á TRANSFERENCIA DA ESTRADA MUNICIPAL COÑECIDA COMO "CAMIÑO A" DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA LOURENZÁ SUR.

Neste último punto da Orde do día e dado que tratábase dunha moción conxunta e non procedendo o debate, por parte da voceira do P.S. de G.-P.S.O.E., Sra. López García, manifestouse que quería que constara en acta que no seu momento e en plenos anteriores defendera que o "Camiño A" era de titularidade municipal e por parte de que ocupaba a Alcaldía naquel momento aseguróuselle que era de titularidade provincial cando aínda non estaba asinado o convenio e non se lle dixo nada diso, e non estaba desvirtuando ningunha intervención porque así constaba nas actas e podían velo todos; que agora, ela e o seu grupo ía apoia-la moción porque eran receptivos co problema e tiñan que tratar de solucionalo pero que había que ir coa verdade por diante e o que se lle dixera nas outras sesións plenarias fora unha mentira. Por alusións tomou a palabra o Sr. Martínez - Sierra para indicar que non quería entrar en polémicas posto que o importante era solucionar-lo tema e a mellor maneira era presentando unha petición asinada polos tres partidos políticos.

Así pasouse a votación e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, o Pleno ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto da moción tal e como está redactado, sendo o seu contido o que segue:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 17 de marzo do 2005 adoptou o acordo de transferir á Exma.

Deputación de Lugo a titularidade do Camiño A, da zona de concentración parcelaria de Lourenzá Sur, polígonos 4 e 9 que vai dende a parroquia de Santo Adrao, lugar de Lanzós, ata a parroquia de San Xurxo, lugar de Outeiro, con lonxitude de 2,8 quilómetros e que enlaza a vía provincial CP2801 que vai de Santo Tomé a Augaxosa coa estrada autonómica LU122 que vai dende Paraxes a Lourenzá.

Este acordo, ratificado por unanimidade no Pleno do concello realizado o 1 de abril do 2005, foi motivado polo feito de que, dada a idoneidade do seu trazado, esta vía converteuse nunha prolongación da estrada provincial antes mencionada e tendo en contra a gran afluencia de tráfico que rexistra, o Concello se vía imposibilitado para proceder ao seu mantemento dado o elevado custo que elo supón.

Posteriormente o 19 de maio do mesmo ano, a Exma. Deputación Provincial comunica ao concello a aceptación da proposta propoñendo que o Concello asuma o tramo urbano da CP 2801 de Santo Tomé a Mazo, pasando por Santo Adrao e Augaxosa, e que queda con menos tráfico, entre os p.k. 0.000 e 1.081, desta maneira deixa de ser unha cesión e pasa a ser un dobre cambio de titularidade de bens de uso público entre ambas Administracións. Este acordo foi levado a pleno o 18 de xullo do 2005 e aprobado cos votos da maioría do pleno pertencentes ao Grupo Municipal Popular e coa abstención dos grupos da oposición.

Con data 13 de marzo do 2006, o Concello de Lourenzá recibe a certificación do acordo de aprobación do dobre cambio de titularidade adoptado por unanimidade polo pleno da Exma. Deputación con data 27 de febreiro do ano 2006.

Dende ese momento, o Concello de Lourenzá urbanizou o tramo que asumira, con distintas axudas, algunhas delas con cargo ao Plan de Obras e Servizos da Exma. Deputación, e pola súa banda, a Deputación de Lugo, incorporou á rede provincial, o tramo transferido como así consta no informe emitido por esta con data 24 de outubro do 2006 a este Concello.

Neste mesmo informe comunicaba que se rexenerara na primeira quincena de agosto un 80% do trazo en cuestión e que se propoñía con cargo a primeira posibilidade orzamentaria da que se dispuxera, ampliar a sección transversal de 6 m. de plataforma ata os 9 m. que consideraba adecuado ao tráfico que soporta.

Se ben é certo que non se chegou a asinar o convenio de dobre cambio de titularidade, por parte da Deputación cobráronse tanto a particulares como ao propio Concello, o importe de licencias municipais, fíxose o mantemento da vexetación lateral así como se procedeu a colocar os PK que posteriormente o mesmo ente retirou.

Con todo isto, poñémonos no ano 2012 sen ter regulada esta situación, por ese motivo o Pleno Municipal en sesión ordinaria celebrada no mes de Agosto acorda por unanimidade das tres forzas políticas instar a Exma. Deputación a regularizar a situación procedendo a asinar o convenio necesario para facer efectivo o dobre cambio de titularidade.

Así mesmo o 31 de outubro do 2012, o Pleno da Exma. Deputación Provincial adoptou o mesmo acordo por unanimidade.

Finalmente o 10 de maio do 2013 recibe este concello o borrador do Convenio para a transferencia mutua de vías no que figura na cláusula cuarta a condición de que "sempre que, previamente realice o Concello de Lourenzá, a súa costa, as obras de acondicionamento e mellora do treito".

A vista disto, tendo en conta que non se concretaba nas actuacións esixidas e, estando tramitando Augas de Galicia o deterioro que por mor das riadas do mes de xaneiro sofre a vía no lugar de Sendín, na ponte sobre o río Batán, considerouse oportuno remitir o proxecto técnico a fin de que en forma eliminada a cláusula citada no parágrafo anterior.

O 19 de xuño do corrente, recíbese no Concello informe sobre o Convenio de transferencia de estradas esixindo non só o arranxo da ponte antes mencionada, senón que esixe:

- regulación do firme existente e posterior afirmado con mestura bituminosa en quente.
- apertura de cunetóns.
- limpeza de táxeas.
- pintado de liñas reflectantes e colocación de "ollos de gato".
- construción de variante para realizar a intersección co P.K. 31 da estrada comarcal LU 122.

Tendo en conta que aos tres grupos que encabezan esta moción non parece esaxerado e fora de lugar as esixencias impostas, xa que rachan co fin último que se pretendía ao inicio das negociacións no ano 2005, PROPONSE ao Pleno do Concello de Lourenzá a adopción do seguinte acordo:

1.- Eliminar a cláusula cuarta do borrador remitido ao Concello con data 10 de maio do presente para a transferencia mutua de vías.

2.- Asinar o Convenio coa modificación mencionada no punto 1, no prazo máximo de un mes transcorrido dende a data de finalización da obra que está executando Augas de Galicia na estrada denominada como "Camiño A."

SEGUNDO.- Remitir certificación do presente acordo a Exma. Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

16º.- ROGOS E PREGUNTAS.

(Antes de iniciarse a rolda de rogos e preguntas e xustificando a súa ausencia, abandoa O Salón de sesións o concelleiro D. Miguel Castrillón Fernández seno as trece horas cincuenta minutos)

A continuación e non habendo rogos, pasouse ás PREGUNTAS, sendo formuladas as seguintes:

A.1) Por parte do P.S. de G.-P.S.O.E., e concretamente da concelleira, Sra. Dengra Sixto, preguntouse á Alcaldía que pasara coa caseta dos pescadores na Área de Cazolga, que o Alcalde anterior dixéralle que ían sacala a concurso e polo de agora non se fixera nada.

Por parte da Alcaldía indicouse que entendía que se refería ao bungalow, porque a Caseta de Pescadores non era municipal, e informoulle

que para abaratar custos intentouse facer as obras co curso de Albanelería organizado pola Fundación San Salvador, pero que o profesor non dera feito o traballo. Por parte tanto do Sr. Docampo Fernández como da Sra. López García, cuestionouse porque non se fixera o traballo posto que aínda que tratábase da Fundación, o concello formaba parte dela e podía esixírllelo, e neste punto, interveu o Sr. Martínez - Sierra, como anterior alcalde e presidente da Fundación, para aclarar que o feito de facer traballos para o concello a través dos cursos, as veces resultaba problemático porque se eran traballos que non se axustaban estrictamente ao contido do curso, non había obrigación legal e os alumnos podían poñer obstáculos á hora de facelos. O Sr. Vidal García apuntou tamén que á hora de sacala a concurso e nos tempos actuais non ía a ser fácil e recordou o que pasara coa cafetería de Torreón que na primeira convocatoria quedara deserta e tiveron que baixar o tipo de licitación.

Tamén pola Sra. Dengra Sixto advertíuselle á Alcaldía que as randeiras da Área Recreativa da Cazolga estaban soltos e que constituían un perigo para os pícaros.

A.2) A concelleira Sra. López García preguntou quen marcaba as pistas que tiñan que desbrozar a cuadrilla de incendios e se traballaban os festivos, ao que por parte da Alcaldía contestóuselle que, en canto ao primeiro, era competencia do concello e, en canto ao segundo, que traballaban por turnos marcados polo distrito, independentemente de se coincidía ou non en festivo.

B.1) Por parte do concelleiro do BNG., Sr. Docampo Fernández, preguntouse se para compactar os "baches" non habería maneira de utilizar unha "rana" porque viu que o facían á man e era da opinión que en canto chovera, ía levantarse todo. Por parte do concelleiro delegado de obras, Sr. Vidal García, informouse que se fixera deste modo para aforrar cartos, que a maquinaria costaba setenta o oitenta euros ao día e que a verdade quedaba mellor do que pensaba.

O Sr. Docampo indicou que as veces o barato saía caro porque o que interesaba era que o amaño durara no tempo e tal como ía, víao complicado.

B.2) Finalmente polo concelleiro do BNG., Sr. Docampo Fernández preguntouse se estaba garantida a seguridade no Campo dos Bolos posto que vira que había actos programados en dito lugar con motivo da celebración das Festas do Conde Santo.

Por parte da Alcaldía informóuselle que dito recinto non era municipal, senón do Bispado e que sería responsabilidade da diocese se pasara algo, de todas maneiras os arquitectos desta emitirán un informe de que non existía perigo de derrubamento.

E non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Sra. Alcaldesa - Presidenta levantase a sesión sendo as catorce horas estendéndose do seu resultado a presente acta, reflexo do feitos acaecidos no transcurso da mesma, do que, como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA, A SECRETARIA-INTERVENTORA,

